

Programación Anual
curso 2021-2022

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

CPI PONTE CARREIRA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN XERAL	4
1.0 SITUACIÓN COVID-19	4
1.1 ANTECEDENTES HISTÓRICOS E SITUACIÓN ACTUAL DA MÚSICA NO ENSINO	4
1.2 PROBLEMÁTICA XERAL DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA	6
1.3 CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO DE ENSINO	6
1.4 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	8
1.5 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	8
1.6 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Á CONVIVENCIA NO CENTRO	8
2. MÚSICA NA E.S.O.	12
2.1 CARACTERÍSTICAS DO NIVEL DE DESENVOLVEMENTO PROPIAS DO ALUMANDO EN FUNCIÓN DA SÚA IDADE.	12
2.1.1 Características xerais	12
2.1.2 Características psicolóxicas en relación á música	13
2.2 MÚSICA EN SEGUNDO DA E.S.O.	14
2.2.1 Obxectivos xerais, obxectivos mínimos e criterios de avaliación	14
2.2.2 Competencias clave e os seus estándares de aprendizaxe	18
2.2.3 Estándares de aprendizaxe	22
2.2.4 Contidos	24
2.2.5 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe en relación ás competencias clave e aos instrumentos e procedementos de avaliación	30
○ 2.3 MÚSICA EN TERCEIRO DA E.S.O.	31
2.3.1 Obxectivos xerais	31
2.3.2 Competencias clave e estándares de aprendizaxe de cada unha	35
2.3.3 Estándares de aprendizaxe	39
2.3.4 Contidos	41
2.3.5 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe en relación ás competencias clave e aos instrumentos e procedementos de avaliación	48
2.4 MÚSICA EN CUARTO DA E.S.O.	49
2.4.1 Obxectivos xerais	49
2.4.2 Competencias clave e estándares de aprendizaxe de cada unha	52
2.4.3 Estándares de aprendizaxe	57
2.4.4 Contidos	58
2.4.5 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe en relación ás competencias clave e aos instrumentos e procedementos de avaliación	64
2.5 CARGA HORARIA	65
2.6 METODOLOXÍA	65

2.6.1 Xeneralidades	65
2.6.2 Métodos didácticos	67
2.6.3 Principios metodolóxicos	71
2.6.4 Atención á diversidade.....	72
2.6.4.1 DE COÑECENTOS.	72
2.6.4.2 DE APTITUDE	74
2.6.4.3 DE ACTITUDE	75
2.6.4.4 SOCIO CULTURAIIS	75
2.6.5 Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.....	80
2.6.6 Material e recursos didácticos empregados	82
2.7 TEMPORALIZACIÓN:.....	83
2.8 ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS E ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS EN CADA CURSO. .	84
2.8.1 Educación en valores.....	84
2.8.2 As Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) e o hábito de lectura: contribución ao plan TIC e ao plan lector.	87
2.9 A AVALIACIÓN	88
2.9.1 Avaliación inicial, formativa e sumativa	88
2.9.2 Procedementos de avaliación.....	89
2.9.3 Instrumentos de avaliación na E.S.O.	91
2.10 PESO DE CADA PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	91
2.11 ATENCIÓN A PENDENTES	92
2.11.1 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES 2º ESO.	93
2.11.1.1. AVALIACIÓN.....	93
2.11.2. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES 3º ESO	94
2.11.2.1. AVALIACIÓN.....	95
3. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	96
o 4. ANEXOS	101
4.1 ANEXO I (2º ESO).....	102
4.2 ANEXO II (3º ESO)	109
4.3 ANEXO III (4º ESO).....	116

1. Introducción xeral

1.0 Situación COVID-19

A situación que estamos vivindo derivada da COVID-19 fai que este volva ser un ano académico diferente. Para a realización da presente programación didáctica, atenderemos, entre outras, as directrices marcadas pola **Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022** e á versión do 6 de xuño de 2021 do **Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022**

- Realizada a avaliación inicial estamos en situación de afirmar que o alumnado ten adquiridas as aprendizaxes imprescindibles para afrontar o presente curso sen maior dificultade.
- Dado que somos un centro cunha ratio baixa e con espazo suficiente, soamente contemplamos dous escenarios en función de como evolucione a situación sanitaria: actividade presencial ou non presencial. A programación está pensada para levar a cabo con docencia presencial, e no caso de actividade non presencial seguiremos o recollido no *punto 4 do apartado de actuacións para o período de actividade lectiva non presencial do plan de continxencia do centro*. Para preparar o paso dun escenario a outro, levamos introducindo ao alumnado no uso da aula virtual desde o comezo da actividade lectiva. Temos que ter claro que, polo menos mentres dure esta situación, a aula virtual vai ser un elemento de uso ordinario, unha ferramenta metodolóxica que nos debe permitir continuar co proceso de ensino-aprendizaxe nunha situación nova e cambiante.
- Para o departamento, e mentres dure esta situación, *o plan de adaptación á situación COVID-19 para o curso 2021-22* será un documento de referencia á hora de realizar a nosa labor como docentes, polo que a actual programación adaptarase ao novo escenario, e dará sempre prioridade ao recollido no citado documento.

1.1 Antecedentes históricos e situación actual da música no ensino

No mes de agosto de 1970 foi promulgada a Lei Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa, chamada “Lei Villar Palasí”, ao ser este o ministro que se atopaba ao fronte do Ministerio de Educación e Ciencia neses intreos. Previamente foi publicado o Libro Branco da Reforma no ano 1969. Neste plan de estudos era fundamental potenciar as materias artísticas, especialmente as musicais, aínda que ao mesmo tempo a dedicación semanal á música nas Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de E.X.B. diminuíra, trala especial atención da que desfrutaron estas materias dende o plan de 1914.

Polo tanto, a pesar do aparente interese no ensino da música na E.X.B., na realidade practicamente nunca se levou á práctica, debido á insuficiente preparación do profesorado xeneralista.

No anterior Bacharelato Unificado Polivalente (B.U.P.) a materia de “Música” impartíase tan só no primeiro ano, cunha dedicación semanal de dúas horas, e un programa fundamentalmente enfocado ao estudo da historia da música.

Coa Lei Xeral de Ordenación do Sistema Educativo (L.O.X.S.E.) de 1990 a música entra firmemente no ensino, e non só no que respecta ás ensinanzas obrigatorias, senón tamén ás post-obrigatorias, á Universidade e ao ensino especializado. No que respecta ao nivel que nos ocupa, é posible afirmar que o cambio é tan importante que por primeira vez se podía soñar con recuperar, a lo menos en parte, o atraso histórico que en relación co ensino da música levamos respecto ós outros Estados da Comunidade Europea.

O 24 de decembro de 2002 foi publicada no B.O.E. a “Lei Orgánica de Calidade da Educación” (L.O.C.E.) que se desenvolveu a partir dunha serie de Reales Decretos. Previamente á implantación da L.O.C.E. foron publicados os currículos de cada materia, coa chamada “Reforma das Humanidades” (R.D. 3473/2000 e 3474/2000) coa que se confirman os cambios curriculares dos R.D. 831/2003 e 832/2003, pero polo que respecta á nosa materia apenas se producen cambios significativos en relación aos Reais Decretos anteriores.

Os decretos presentaban Bloques de Contido diferentes por niveis (primeiro ciclo, terceiro curso, cuarto curso), o que imposibilitaba ao profesorado a elaboración de programacións coherentes. Dada a escasa dedicación horaria á área, debería entenderse como principio de ensinanza asegurar os contidos anteriores tratados, e non pasar a outros distintos, e de diferente natureza, na maior parte dos casos. Ademais aumentaban considerablemente os contidos de tipo conceptual, o que nesta área non parecía ter sentido, tal e como xa foi demostrado no BUP. Ademais, ao ser redactados todos como conceptos, contradicían o perfilado na propia “Introdución” do devandito decreto, xa que nela afirmaba que se traballaría desde os procedementos (incluso especificando cales deles: a audición e a expresión musical, vocal, instrumental e corporal).

O problema fundamental á hora de realizar unha programación partindo dos R.D. vixentes era que non existía unha relación entre os Obxectivos a conseguir, os Contidos tratados para acadalos, e os Criterios de Avaliación. En canto aos Obxectivos, eran en realidade os mesmos que se establecían no Decreto anterior, agás que no decreto diminuían aqueles que implican práctica musical, fora vocal, instrumental ou de movemento (especialmente estes últimos); por outra parte, os contidos de algúns cursos si facían referencias concretas á interpretación, polo que era difícil chegar a considerar a posibilidade de impartir algo que non se pretende finalmente que deba ser aprendido ou, a lo menos, que só conta cun contido específico no segundo curso. Noutros cursos (terceiro e cuarto) non aparecía a práctica musical nin nos obxectivos nin nos contidos, pero si o facía nos criterios de avaliación (“Saber interpretar obras musicais nos instrumentos da aula ou cancións a solo e a coro de dificultade adecuada aos seus coñecementos e capacidades”).

Co cambio de goberno paralizouse a aplicación da L.O.C.E. e o novo goberno promulga a L.O.E. Co seu desenvolvemento moitas das leis anteriores a 2006 serán substituídas por outras derivadas da súa aplicación. A partir do Real Decreto de currículo (ou Real Decreto de mínimos) 1631/2006 de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria, desenvolveuse o currículo oficial da Comunidade Autónoma de Galicia 113/2007 de 5 de xullo (publicado no DOG de 13 xullo).

No novo decreto aparecen importantes novidades con respecto ao sistema anterior. En primeiro lugar aparece un novo elemento: “**Competencias Básicas**” no marco da proposta elaborada pola Comunidade Europea. Por outro lado chama a atención que os contidos de música para segundo e terceiro da E.S.O. non aparecen distribuídos por cursos como ocurría no currículo anterior, senón que están agrupados como contidos de primeiro a terceiro curso, polo que nesta programación didáctica secuenciáronse de forma que se realice unha aprendizaxe progresiva. A Consellería de Educación diminúe de forma considerable as sesións semanais da nosa materia, eliminando unha sesión en segundo da E.S.O., quedando por tanto segundo e terceiro da E.S.O. con dúas sesións por semana; mantén sen embargo as tres sesións semanais en cuarto da E.S.O. Con respecto ao bacharelato, modifica de forma considerable a nosa materia, en 1º de Bacharelato pasa a chamarse “Música. Formación vocal”, estando a meirande parte dos seus contidos centrados no coñecemento, coidado e hixiene da voz, así como do repertorio que lle é propio e da súa práctica na aula. Consideramos que limitándonos ao desenvolvemento de este currículo a formación do alumnado queda incompleta, polo que se incluírán nesta programación didáctica contidos referidos ás TIC, ao coñecemento e práctica da música instrumental, á danza, etc. Por outra banda, desaparece a optativa de Música II de segundo de bacharelato e “Historia

da Música” deixa de ser unha propia da modalidade de “Humanidades e Ciencias Sociais”, sendo incluída como “Historia da Música e da Danza”, sen embargo, no bacharelato artístico.

En 2013 publícase a lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro: a LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa, BOE do 10 de decembro de 2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE). Posteriormente a Consellería de Educación da Xunta de Galicia concreta esta lei co Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que se aplicará para os cursos de 1º e 3º da E.S.O. e 1º de bacharelato no curso 2015/2016. Como novidades aplicables xa durante este curso lectivo cabe destacar en primeiro lugar a inclusión dos estándares de aprendizaxe avaliábeis como elemento do currículo que axuda a definir, concretar e medir os criterios de avaliación. Redúcese ademais o número de competencias básicas que se chaman agora **competencias clave**, que pasan de 8 a 7. Xa non figura no listado unha das máis relacionadas coas materias do Departamento de Música: a competencia artística, que pasa a estar incluída na Competencia para a Conciencia e Expresións Culturais (CCEC).

Con respecto á presenza das materias do Departamento de Música na E.S.O. e no Bacharelato, neste curso séguese a impartir Música en 2º e 3º da E.S.O. con dúas horas semanais, e 4º da ESO con 3 horas semanais.

1.2 Problemática xeral do Departamento de Música

O ensino da música nos centros de secundaria soporta un gran número de estereotipos, que responden a unha opinión máis ou menos xeneralizada sobre os métodos, elementos e desenvolvemento do ensino musical, máis dependentes en realidade dos centros especializados que da educación obrigatoria.

A educación musical enfróntase así a unha diversidade de problemas: en primeiro lugar, á falta de metodoloxías amplas que cubran tódolos aspectos curriculares da materia, co que supón de dispersión dentro da especialidade. Por outra parte, a presión social afecta tanto ao alumnado como ao profesorado, ao non estar suficientemente clara a diferenza entre ensino e educación musical.

A pesares do xa comentado, progresivamente adquirimos unha consideración como Departamento nos centros que facilita a adquisición do material preciso, cunha dotación económica axeitada ás nosas necesidades. O número de actividades realizadas e o interese do alumnado increméntanse paulatinamente.

Na actualidade o desempeño da nosa función vese condicionado pola diminución de horario, sen a correspondente redución de contidos no currículo, polo que estes serán tratados sen dúbida con menor profundidade, co deterioro que iso causa na formación musical do alumnado.

1.3 Contextualización do centro de ensino.

Entorno socio económico e cultural

- **Ubicación xeográfica:** medio rural no concello de Frades cunha poboación aproximada de 2400 habitantes, o CPI está situado na parroquia de Gafoi (275 habitantes).
- **Tipo de construción:** predomina a vivenda unifamiliar, con alpendres de labranza nas inmediacións. A calidade das construcións mellorou nos últimos tempos. Podemos afirmar que, aínda que algunha vivenda precisa mellorar as súas condicións de habitabilidade, a maioría son casas coidadas e cun confort acorde cos tempos: calefacción, teléfono, ordenador, etc.

- **Ámbito socioeconómico:** Predominan as familias tradicionais nas que conviven varias xeracións con maioría de avós pensionistas. En canto á situación laboral dos membros da unidade familiar, obsérvase un incremento de mulleres con traballo remunerado fóra da casa pero quedando aínda bastante por detrás con respecto ao do home. É importante salientar a redución da oferta de emprego feminino no sector téxtil.
Neste momento hai un maior equilibrio entre o traballo por conta propia e o traballo por conta allea, debido, fundamentalmente, á desaparición das pequenas explotacións gandeiras por falta de rendibilidade, pasando máis persoas a traballar para empresas do mesmo ou doutros sectores.
Segue a manterse a pequena horta familiar e a cría de pequenos animais para autoconsumo.
- **Infraestrutura de servizos:** Hai un parque en Ponte Carreira, pavillón municipal, centro médico, organizacións culturais nalgunhas parroquias como Gafoi, Moar e Galegos, piscina municipal (ao non ser cuberta só ten utilidade co bo tempo) e un edificio de servizos múltiples.

Características do alumnado.

Arredor do 80% do noso alumnado ten como lingua materna o galego, sendo esta a lingua que utiliza habitualmente, sobre todo no rexistro informal. Obsérvase, en cambio, pouca fluidez nos rexistros formais á hora de utilizar esta lingua.

- Analizando os datos do nivel de estudos dos pais-nais do alumnado obsérvase claramente que a maioría só cursou estudos básicos ou primarios. Sen embargo a tendencia está cambiando, de feito, os pais-nais do alumnado de infantil acadaron estudos non obrigatorios (bacharelato, FP e incluso estudos universitarios) nunha maioría salientable.
- No referente ao análise das ocupacións que desenvolve o alumnado na súa vida cotiá no ámbito extraescolar, podemos salientar:

1. Aínda que nos atopamos nun entorno rural, o acceso ás novas tecnoloxías está totalmente normalizado xa que empregan gran parte do seu tempo en ocupacións relacionadas coas TICs, por exemplo, navegar por internet, videoxogos, ver a televisión ou utilizar redes de mensaxería instantánea.

2. Hai unha gran tendencia cara a práctica de actividade física, sobre todo fóra do ámbito competitivo. Mais cando nos referimos á práctica deportiva con adestrador, encamiñada á competición, o porcentaxe masculino é moi superior ao feminino.

3. A pesar de que case hai igualdade entre sexos en canto á colaboración en tarefas domésticas, percibimos que se segue a asumir o rol tradicional da muller xa que os alumnos escollen a realización de traballos remunerados mentres que as mulleres priman a súa participación en traballos de voluntariado ou asociativo.

Instalacións.

- **Espazos específicos:** Os alumnos de ed. infantil e primaria están no antigo colexio de EXB; os alumnos de ESO están nun edificio de construción recente, con características de IES, que dista uns 200 m do anterior. Os dous centros dispoñen de laboratorios (máis dotado o de ESO), biblioteca, aula de audiovisuais, aula de música e informática. No centro de ESO dispoñemos ademais dunha aula para tecnoloxía e outra para debuxo. A supresión de

unidades no centro de primaria permitiunos destinar unha aula para inglés, música, TICs e outra para psicomotricidade. Cada centro ten o seu patio de recreo coas correspondentes pistas polideportivas.

- **Espazos comúns:** O pavillón municipal (situado entre os dous centros) e o comedor (no centro de primaria) e unha aula de psicomotricidade ubicada no colexio de primaria.
- **Outras dependencias:** Os dous centros dispoñen de despachos administrativos, sala de profesores e conserxaría. O centro de ESO tamén dispón de 5 seminarios, departamento de orientación e salas de reunión para a ANPA e delegados.

1.4 Actividades complementarias

Ao longo do curso o Departamento de Música realizará, dentro das súas posibilidades, e respectando o plan de adaptación á situación Covid-19 para o curso 2021-22 , as seguintes actividades:

- Colaboración co Departamento de Normalización Lingüística: dentro das posibilidades do departamento e en función da evolución do curso.
- Tratarase de manter aberta a aula de música algún recreo por semana para que o alumnado que o desexe poida tocar de forma individual ou ensaiar os temas de clase cos seus compañeiros, sempre mantendo o habitual coidado polo instrumental da aula e un comportamento axeitado. A apertura da aula dependerá da carga horaria e o horario do profesor de música.
- Ao longo do curso, e en función do horario do profesorado de música do centro, tratarase de organizar, co alumnado de 4º da ESO, un festival musical, preferiblemente no mes de xuño, ao rematar o curso. Se a situación epidemiolóxica continúa así, este ano non será posible levalo a cabo.

1.5 Actividades extraescolares

O Departamento de Música intenta organizar todos os cursos as seguintes actividades:

- Asistir con tódos os cursos aos diferentes concertos didácticos en data a fixar en función da programación do “Auditorio de Galicia” de Santiago de Compostela e/ou ós ensaios que teñen lugar no Palacio de Congresos da Coruña...
- Visitas culturais a outras cidades para asistir a diversos espectáculos musicais.
- En función da actitude do alumnado de 4º ESO, intentaremos crear grupos para realizar ensaios e recollidas de maneira periódica.

Este curso, mentres estea vixente a actual situación epidemiolóxica, non se realizarán actividades extraescolares.

1.6 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Á CONVIVENCIA NO CENTRO

Dende a clase de música contribúese á convivencia e socialización dentro do seu grupo clase utilizando as seguintes estratexias:

Mediante a realización de traballos en pequeno grupo: tal e como consta na metodoloxía empregárase o pequeno grupo para determinadas actividades (como a improvisación, a composición, investigación...) O agrupamento realizarase seguindo un criterio pedagóxico e non persoal, de forma que todos os grupos estean compensados a nivel académico. Variarase a composición dos grupos dunha actividade a outra, e de esa forma favorecerase a sociabilidade do alumnado entre si. O traballo en pequeno grupo esixe unha cooperación entre os seus

compoñentes que precisa dun diálogo fluído e un respecto entre os distintos compoñentes do agrupamento para poderse levar a cabo acadar con éxito os obxectivos propostos pola docencia. De esta forma favorécese a integración de todos/as os/as alumnos/as no grupo clase no que se atopan.

Actividades en grupo grande, coa participación de toda a clase: son por un lado as de práctica instrumental, vogal e/ou de movemento, e por outro lado as de debate, mesas redondas, tormentas de ideas...

Con respecto ás primeiras, facer música xuntos implica coordinación e respecto polas achegas de todos os membros do grupo. Cada un aporta algo para que a actividade sexa satisfactoria: seguridade na interpretación, memoria, boa afinación, bo sentido do ritmo... De este xeito, o grupo clase convértese nunha sociedade en miniatura na que cada discente ten o seu rol, non sendo ningún alumno nin máis nin menos importante que os demais, con independencia do instrumento/voz/movemento que execute. De esta forma favorécense hábitos, condutas e actitudes que estimulan un verdadeiro espírito de cooperación e colaboración en grupo, proporcionándose ocasións idóneas para a socialización.

As segundas (debates, mesas redondas, tormentas de ideas, etc.) levaranse a cabo seguindo as técnicas de dinámica de grupos, sendo o profesorado un axente motivador que esperte o interese e participación do alumnado. Entre as estratexias básicas destacan: estimular a participación activa dos alumnos en clase; fomentar o traballo en grupo; evitar as sancións negativas polo fracaso e a falta de recoñecemento persoal polo éxito; procurar que o alumno interveña na planificación didáctica, por exemplo na súa preparación, opinando sobre a súa realización; invitar ao alumnado a participar na avaliación da súa aprendizaxe; coidar a forma de presentación da información, non abusando sempre da mesma vía de comunicación; empregar estratexias que fagan revivir nos alumnos os coñecementos anteriores para montar sobre eles a aprendizaxe dos novos coñecementos; espertar e desenrolar en todo momento a creatividade nos alumnos/as...

En todo momento terase especial coidado en promover a convivencia pacífica dos discentes, evitando e previndo calquera expresión de violencia, sexa de xénero, terrorista, racista, xenófoba ou contra calquera tipo de discapacidade. Este tratamento será considerado un elemento transversal de gran importancia no tratamento de todas as unidades didácticas.

O estudo da vida de diferentes compositores e intérpretes, tanto actuais como pasados, que en moitos casos son admirados polos nosos discentes, permítenos tratar a súa orientación sexual con normalidade. A través deste tema preverase e incidirase en evitar comportamentos sexistas dentro da aula así como os estereotipos que supoñan calquera tipo de discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Dende a clase de música contribúese á convivencia e socialización dentro do centro coa celebración de actividades musicais nas que participan todos/as ou case todos os/as alumnos/as do centro. Nestes eventos o alumnado debe manter:

- Silencio ante a entrada e saída do escenario.
- Un comportamento axeitado como público e como intérprete, respectando sempre as actuacións dos compañeiros/as e escoitándoas en silencio.
- Respectar a colocación dos instrumentos no escenario tras a actuación de cada grupo.
- Colaboración, dentro das súas posibilidades, na organización do evento.

Ademais, na aula de música promóvese a socialización dentro da súa contorna. Propiciarase un coñecemento vivencial da realidade cotiá a través dun contacto coa realidade cultural e as

manifestacións artísticas musicais, mediante a asistencia a concertos de todo tipo, así como a exposicións relacionadas co campo musical e co son en xeral, estudos de gravación, e todo o que poda gardar relación coa presenza social da música.

Este curso académico daremos prioridade o plan de adaptación á situación Covid 19 para o curso 2021-22, polo que so se realizarán aquelas actividades que teñan cabida dentro do mesmo.

Programación anual

2. Música na E.S.O.

2.1 Características do nivel de desenvolvemento propias do alumando en función da súa idade.

2.1.1 Características xerais.

Un feito altamente determinante no alumnado destas idades é o desenvolvemento físico, que afecta ao corpo tanto en tamaño (referido á estatura e ao peso) así como no desenrolo dos órganos sexuais e as características sexuais secundarias. O individuo adquire as características propias do sexo ao que pertence.

Seguindo a Piaget podemos afirmar que o alumnado se atopa na etapa das operacións formais, que aparece arredor dos once anos. A característica deste período é a aparición dun razoamento hipotético dedutivo, gracias ao que non precisa partir de obxectos concretos para chegar ás súas deducións, senón que pode facelo dende hipóteses. Polo tanto, observamos unha evolución determinante na conformación da personalidade do suxeito, xa que a diferenza da etapa anterior non ten porqué partir de concrecións.

Este paso a un pensamento de tipo abstracto precisa do establecemento de sistemas de representación, e por tanto, do desenvolvemento da linguaxe abstracta e dunha ampliación do vocabulario.

Outra característica deste período é a aparición dun pensamento proposicional, que é un tipo de pensamento operacional formal no que os e as xoves avalían a lóxica das afirmacións verbais sen facer referencia ás circunstancias do mundo real.

Cos cambios corporais e mentais mailo desenvolvemento do pensamento abstracto obtense como resultado unha preocupación excesiva sobre si mesmos, coñecida como “egocentrismo operacional formal”, é dicir, que son incapaces de separar a abstracción de si mesmos da dos outros. Isto implica dous feitos:

- En primeiro lugar, a chamada “audiencia imaxinaria”, ou crenza de que son o centro de atención, polo que se amosan excesivamente preocupados pola súa imaxe persoal, tanto corporal como en relación á opinión dos demais. Por iso ás veces mostran falta de naturalidade e vergonza excesiva.
- En segundo lugar aparece a “fábula persoal”, resultado directo do anterior. A crenza de que son o centro do mundo lévalles a ter unha imaxe pouco axeitada de si mesmos, que debido aos cambios corporais pode oscilar entre a confianza excesiva e a autocompaixón. Outros autores maniféstanse no sentido de que esa preocupación por si mesmos está en relación á conciencia social, xa que a aceptación por parte dos outros favorece a súa independencia, aloxándoos do “sometemento” familiar. Por isto tenden a establecer grupos heteroxéneos sen líderes fortes, aínda que rexidos por valores sociais moi arraigados, perceptibles na forma de vestir ou falar. Estes grupos son de diferente tipo, e dentro deles obsérvanse diferentes categorías, dende o grupo máis amplo a un máis restrinxido, e finalmente aos máis íntimos. En canto á súa composición, pasan dos grupos do mesmo sexo a outros con maior presenza dos dous.

A posibilidade de desenvolver hipóteses implica o descubrimento dun estado ideal, polo que a comparación coa súa realidade persoal é unha constante, que dá lugar a soños e fantasías, así como ao rexeitamento, en maior ou menor medida, do seu medio familiar e maila súa contorna.

2.1.2 Características psicolóxicas en relación á música

Dentro das teorías do desenvolvemento cognoscitivo aplicadas á música destaca a concepción de Jerome Bruner, quen asocia as tres etapas de Piaget con outros tantos sistemas de representación, chamados inactivo, icónico e simbólico; este último corresponde ao período das operacións formais. O suxeito interioriza elementos da linguaxe (neste caso musical) para poder plasmar as súas producións.

Swanwick y Tillman propoñen oito etapas no desenvolvemento da aprendizaxe musical, das que as tres últimas afectan ao noso alumnado: no chamado “modo idiomático” (dos once aos catorce anos) o individuo busca a súa propia identidade a través tanto da expresión como da súa inclusión nun grupo social, musicalmente falando. Como resultado disto aparecen os fenómenos de identificación e imitación a “estrelas”, modas, roupas e accesorios, os “fans”...; tamén afecta á consideración estrutural da música de preferencia, é dicir, escalas, tonalidades, harmonía, ritmos básicos, fraseo, etc.. Na seguinte etapa, ou “modo simbólico” (entre os catorce e os quince), a capacidade de expresión musical e persoal aumenta, tomando postura sobre a música en relación consigo mesmo, e na sociedade. A capacidade para asumir os seus propios criterios abre paso a unha toma de postura máis comprometida coa música en relación ás vivencias e preferencias persoais; segundo sexa a experiencia que viva ocupará a música un lugar de maior ou menor importancia. Na última etapa, ou “modo sistemático” (desde os quince anos), o e a adolescente aplican un modelo intelectual á súa vivencia da música; o prantexamento é de tipo creativo e experimental, interesándose especialmente por aquelas actividades e coñecementos que supoñen un descubrimento de novas posibilidades na creación ou no estudio da música.

Según Ross, o número de etapas existentes no desenvolvemento musical é de catro, correspondendo as dúas últimas á etapa da secundaria obrigatoria. No “período das convencións da produción musical”, que se estende dende dos oito aos trece anos, o alumnado pasa por un desexo de imitación do adulto, polo que tende en maior medida á realización de tarefas musicais de tipo interpretativo, sexa vocal ou instrumental, e valorativo (audición, comentario, emisión de opinións e críticas...). No “período de expresión persoal”, dende os catorce anos en adiante, o individuo experimenta coa música como un medio de expresión e de comunicación, consigo mesmo e cos demais.

A consideración de Mary Louise Serafine parte da idea de que a música é un fenómeno social e cultural, xa que ningunha sociedade existe sen música, e calquera dos seus membros adopta unha postura fronte a ela, sexa como creador, intérprete ou oínte, ou máis dunha destas á vez.

O concepto de “cognición” débese a que a música para Serafine “é a actividade de pensar con sons”, como “actividade humana de coñecemento sonoro que resulta da formulación de traballos de arte, expresando finitos e organizados conxuntos de sucesos temporais descritos no son”. É dicir, que intervén o contexto temporal (ao ser a música unha arte no tempo), a relación do suxeito coa música (como creador ou ben ao estar influenciado pola presenza da música na súa contorna), e a actividade cognitiva (que só afecta aos procesos sonoros, audíbles ou internos). Por iso, a cognición musical só afectará á composición (como acto de creación consciente e deliberado), á audición (como escoita no tempo) e á interpretación (que integra elementos compositivos e da audición).

Sloboda parte da consideración de que existen claros paralelismos entre as estruturas da linguaxe verbal e musical, que facilitan a memorización e a comprensión dos elementos da música e as súas posibles combinacións.

As teorías condutistas parten da idea de que as impresións positivas estimulan a aprendizaxe. En parte estas teorías obtiveron resultados positivos no ensino musical,

especialmente ao referirse á práctica instrumental e á linguaxe musical. As dúas liñas de investigación adicáronse a estudar a música como medio de aprendizaxe de outras materias, ou ben a buscar medios que reforcen a aprendizaxe musical. Demostrouse que a música incide na capacidade de aprendizaxe das áreas relacionadas coas linguas e as matemáticas. En canto á segunda liña investigadora parece ser que o máis determinante é a actitude aprobatoria ou desaprobatoria da docencia, en maior medida que as cualificacións obtidas.

Finalmente débense mencionar os estudos relativos á psicoloxía social. Como actividade presente en todas as culturas e individuos, a música ten un alto compoñente social. En todos os casos obsérvase un conformismo e adaptación individual ás normas establecidas polo grupo ao que o individuo pertence; cada grupo social ten a súa música, e os membros que o compoñen adoptan os parámetros e regras de conduta que esa música supón, e que se refire ademais á forma de vestir, interese ou rexeitamento pola cultura xeral e aos aprendizaxes, variedades ou argots na fala, práctica de deportes... No caso dos e das xoves este feito é moi apreciable, chegando incluso a valorar marcas concretas de produtos, ligadas ao cen por cen á música de determinados solistas ou grupos musicais das súas preferencias.

Sloboda pensa que no desenvolvemento da aprendizaxe musical interveñen procesos sociais, desde dous puntos de vista: en primeiro lugar debido á existencia de modelos musicais na sociedade que o individuo adopta de xeito involuntario, sen que exista intencionalidade na transmisión nin na recepción. E en segundo lugar debido á súa permanencia nun sistema educativo controlado socialmente, en maior ou menor medida.

2.2 Música en segundo da E.S.O.

2.2.1 Obxectivos xerais, obxectivos mínimos e criterios de avaliación

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural.

Acadarase este obxectivo mediante o deseño de actividades nas que a clase traballe en equipo, como son os exercicios de expresión vocal e/ou instrumental con ou sen movemento asociado. Partirase para iso da utilización da voz, o corpo, obxectos e instrumentos. Mediante eles expresaranse ideas e sentimentos de cada un ou do grupo, enriquecendo así as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión dun modo tolerante e aberto, buscando sempre o diálogo e imperando a igualdade de trato entre os diferentes membros do propio grupo e do resto da clase.

Comezarase neste curso a expresión de ideas musicais propias mediante a improvisación vocal e instrumental a través de procesos de pregunta-resposta rítmica ou rítmico-melódica así como de improvisacións sobre unha secuencia harmónica dada. Tamén se trata a improvisación de movemento grazas ao traballo de danzas populares do mundo que se leva a cabo no segundo trimestre.

Con respecto á interpretación, comezarase a traballar a interpretación vocal, executando especialmente cancións monódicas buscando a correcta afinación e tamén o empaste de todas as voces, o que incide na consecución deste obxectivo pois implica unha atención e respecto por todas as voces. Pode ademais, comezarse a interpretación de cánones, como exemplo da creación polifónica (se é posible e dependendo da dificultade da obra).

Na interpretación instrumental realizaranse cancións de dificultade progresiva con instrumental Orff (frutas, placas, pequena percusión...) con ou sen percusión corporal engadida. Deste xeito, repercútese na consecución deste primeiro obxectivo, pois a interpretación é sempre en

grupo, todas as interpretacións teñen a mesma importancia sendo a súa correcta execución imprescindible para tocar correctamente a obra de que se trate.

Ademais, procurárase que o alumnado se comporte de maneira axeitada nas actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais. Na contorna do alumnado adoitan producirse numerosas actividades musicais de distinta índole, tal e como se comentou na contextualización do centro. Con este obxectivo preténdese que non só se comporten de forma axeitada nas actividades complementarias ou extraescolares organizadas polo centro, senón tamén fora del, tanto se participan como intérpretes coma se o fan como público, logrando que este tipo de comportamento forme parte da súa conducta cotiá. É importante incidir no necesario silencio que debe acompañar toda interpretación musical, tanto antes como durante ou despois de que se produza, escoitando con atención e interese e mantendo unha actitude crítica.

No caso de que o alumnado participe neste tipo de eventos como intérprete, é fundamental o respecto á persoa que asuma a dirección do grupo, así como das normas necesarias para o traballo en conxunto, controlando a execución, así como as indicacións de tempo, matiz e expresión. Á súa vez, potenciárase o respecto ante as interpretacións dos demais, así como a valoración das diferentes funcións musicais na interpretación colectiva.

b) Desenvolver hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Este obxectivo está relacionado co anterior en canto ao tipo de actividades que van axudar a acadalo, que serán fundamentalmente as relacionadas coa interpretación musical e o movemento. Promoverase na aula a disciplina na práctica cos instrumentos musicais, introducindo ao alumnado nos hábitos de traballo na aula e de estudo na casa.

Por outra banda, a meirande parte das actividades que se levan a cabo na aula de música son en grupo, polo que todas as normas que rixen o traballo en equipo son indispensables para a súa correcta realización: respecto aos demais compañeiros e á docencia, silencio ante as explicacións ou execucións dos demais, atención ás indicacións da dirección, etc.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Igual que no caso dos dous obxectivos anteriores, este desenvolverase en actividades de interpretación instrumental, vocal e de movemento e danza. Para iso evítanse en todos os casos os estereotipos en canto á elección dos instrumentos a interpretar e dos roles a desempeñar nas actividades realizadas na aula. O papel de cada un nas actividades de clase será determinado pola docencia, tratando de ter en conta os gustos persoais de cada un e pondo especial atención a calquera tipo de discriminación que se puidera producir.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Entre as actividades que se realizarán ao longo do curso, o alumnado deberá participar na organización de actividades musicais no centro, con respecto, superando estereotipos e prexuízos e tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.

Potenciarase o respecto ante as interpretacións dos demais, así como a valoración das diferentes funcións musicais na interpretación colectiva. Potenciarase que o alumnado asuma un papel activo ante a organización deste tipo de eventos, sempre dentro das súas posibilidades.

e) Iniciarse na adquisición de destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Para desenvolver este obxectivo o alumnado debe manexar con certa independencia partituras convencionais sinxelas, así como outras representacións gráficas (como os musicogramas, por exemplo) que lle faciliten a comprensión das audicións traballadas na aula.

Na actualidade estamos asistindo a un increíble movemento de difusión dos medios técnicos no que se refire á divulgación da música. Ao tratalos, hai que diferenciar o aparello reprodutor do propio soporte xa que, en ocasións, o mesmo termo fai referencia a ambos. Por outra banda, o alumnado nestes primeiros cursos, non ten o costume de empregar estes medios máis que para a reprodución, polo que interesa especialmente que dominen todos os aparellos reprodutores de son e imaxe dos que poden dispor.

Será necesario neste curso que o alumnado comece a utilizar a Internet como outro medio máis para alcanzar información sobre distintas cuestións relacionadas co feito musical e a súa difusión.

O alumnado debe familiarizarse co uso dos aparellos de gravación e reprodución audiovisual, coñecendo o seu funcionamento e valor, facendo uso deles con responsabilidade.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar a un nivel básico os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Este obxectivo acádase a través do estudo do son á vez como fenómeno físico e como materia prima da música, así como do tratamento da contaminación acústica. Neste último caso o alumnado debe identificar os problemas de contaminación na súa zona e aplicar os coñecementos que posúe de diferentes materias para tratar de darlle unha solución.

g) Desenvolver a confianza en si mesmo, a participación, o espírito crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender e asumir responsabilidades.

Este obxectivo acadarase mediante a interpretación, sexa vocal e/ou instrumental, na aula. A participación é imprescindible neste tipo de actividades, que lle permitirán por outra banda desenvolver a súa confianza en si mesmo, en canto a súa importancia dentro do grupo-clase para realizar unha correcta interpretación da obra que se estea a executar. De igual forma, deberá tomar conciencia da súa execución, comezando a desenvolver un sentido crítico, e a súa importancia no resultado final, asumindo entón a súa responsabilidade como intérprete.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes sinxelos.

Durante o curso, o alumnado deberá traballar sobre diferentes textos relacionados cos contidos que se están impartindo sobre os que debe expresar a súa opinión, ben sexa oralmente, ben sexa por escrito. Procurarase nestes casos o emprego dunha terminoloxía axeitada. Traballarase a adquisición e incorporación progresiva dun vocabulario axeitado; progresando de forma continuada na ampliación do vocabulario específico ao tratar a terminoloxía musical. O uso da terminoloxía idónea para expresar, defender e comunicar aos demais os propios gustos e observacións musicais debe converterse nun hábito durante o presente curso.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Para acadar este obxectivo escoitaranse e realizarase unha análise elemental obras musicais representativas de diferentes estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, nas que o alumnado recoñeza os elementos da música (forma, melodía, ritmo...) a través de escoita activa; é dicir, a través de actividades globalizadoras baseadas na práctica vocal, instrumental ou de movemento, con vistas a comprender a obra tratada. Nestas mesmas actividades, tratarase a figura do/da compositor/compositora, procurando traballar obras galegas e tamén doutras culturas.

É conveniente que, á súa vez, o alumnado relacione o escoitado coa súa representación gráfica e coa linguaxe musical, lendo (na medida das súas posibilidades) as obras ou fragmentos de obras ao tocar ou cantar, ou ben en relación coa audición. Mediante este tipo de actividades, o alumnado apreciará o valor da creación artística como fonte de coñecemento, enriquecemento cultura e gozo persoal. Así mesmo, potenciarase deste xeito o seu interese por ampliar e diversificar o seu gusto persoal.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Para a interpretación vocal de obras musicais pártese do estudo da produción da voz polo seu corpo, dos órganos implicados na súa formación, a súa anatomía e fisioloxía. O seu coñecemento é fundamental para adquirir unha boa técnica vocal e os exercicios para acadar este fin deben ser constantes na aula de música. Tanto neste caso como no da interpretación instrumental ou a danza, son imprescindibles o coidado polo mantemento dunha postura corporal correcta e dunha respiración axeitada, sempre que se trate dun instrumento de vento.

Terá especial importancia neste curso o estudo do fenómeno de muda da voz, tan característico nos adolescentes, a fin de tratar este tema dun modo relaxado e natural, como cambios fisiolóxicos característicos desta etapa da súa vida.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

2.2.2 Competencias clave e os seus estándares de aprendizaxe.

A materia contribúe de forma destacada á adquisición das competencias clave.

1. Comunicación lingüística (CCL).

Ademais de estar presente nas unidades relacionadas coa interpretación de cancións ou a súa improvisación, contribúen á súa adquisición todas as actividades presentes nas unidades nas que o alumnado debe explicar os procesos empregados para a súa realización.

Tamén destaca a aprendizaxe das terminoloxías específicas da linguaxe musical, tanto para referirse aos parámetros do son como a instrumentos musicais. Ao longo do curso analizaranse varias obras musicais, e precisarase o emprego dunha linguaxe axeitada e rigorosa, igual que para emitir xuízos e opinións persoais sobre as mesmas, ben sexa de forma oral ou escrita.

Ademais, procurarase a través das actividades das diferentes unidades didácticas levadas a cabo durante o curso, establecer unha gradación na adquisición de esta competencia, que vai dende a busca de información nos textos que se proporcionan, á elaboración de textos propios coherentes a partir dos datos proporcionados, así como á elaboración de conclusións por si mesmos.

A maior parte das unidades inclúen a realización de actividades grupais que precisan unha planificación e consenso para o que é necesaria unha comunicación oral fluída. En moitas unidades atópanse actividades que precisan da procura de información en diferentes fontes, polo que deben manexar distintos tipos de textos.

Por outro lado, e tendo en conta o acordo tomado no claustro sobre esta competencia, farase un especial fincapé na corrección de faltas de ortografía. En 2º da ESO farase unha valoración positiva da ausencia de faltas ortográficas: entre 1 punto en cada proba escrita que faga o alumno. En 3º e 4º de ESO valoraranse en negativo as faltas de ortografía, entre 0,5 e 1 punto en cada proba escrita que faga o alumno.

Para mellorar o léxico, propónse a elaboración dun pequeno vocabulario de aula (listaxe ordenada alfabeticamente), onde se irán anotando as palabras descoñecidas que vaian xurdindo en cada tema en todas as materias. Faranse prácticas con este vocabulario ao final de cada tema, e ao rematar cada trimestre.

Levaranse a cabo tamén prácticas de explicación de esquemas ou de gráficas dadas as dificultades que se detectan entre o alumnado neste tipo de exercicio.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
- MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.
- MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.
- MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.
- MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Trabállase a través da introdución a conceptos da acústica musical, especialmente no que se refire ao estudio da organoloxía e da acústica, nas seguintes unidades: “Os parámetros do son”, na que se traballan representacións gráficas de sons de distintas características de altura, timbre e intensidade, ou na “Clasificación dos instrumentos” na que se retoman estes conceptos para tratar as características do son producido por cada instrumento en concreto.

Tamén en aquelas actividades relacionadas coa construción de diferentes escalas, nas que o alumnado debe manexar as alteracións para calcular e acadar as relacións entre tons e semitóns precisas. Igualmente mediante o traballo do ritmo. Trátanse estes temas nas unidades “Representación gráfica da música”, “A melodía” “O ritmo” e sobre todo na unidade “A harmonía (I)”, como se detalla en cada unha de elas.

Prodúcese ademais unha achega mellorando a calidade do medio ambiente, identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído e a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música (“Os parámetros do son”). Por outra banda, aínda que máis indirectamente, contribúese á adquisición desta competencia a través do uso correcto da voz e do aparello respiratorio e do correcto movemento corporal “A voz” e “O ritmo”.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
- MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

3. Competencia dixital (CD)

A materia de “Música” contribúe ao desenvolvemento do Tratamento da información e competencia dixital a través do uso de recursos tecnolóxicos, o dominio básico da informática musical, a manipulación de diversos formatos sonoros e a consulta de información na Internet. Trabállase sobre todo en “A Harmonía (I).

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.
- MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.
- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
- MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
- MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

4. Aprender a aprender (CAA)

A materia contribúe ao desenvolvemento desta competencia potenciando as capacidades precisas para desenvolver unha aprendizaxe autónoma. Por iso, contribúen á súa adquisición as actividades de audición musical. Por outra banda, trabállase tamén o desenvolvemento do pensamento abstracto, a través por exemplo do estudio da harmonía ou da resolución de problemas relacionados coa produción do son “Clasificación dos instrumentos”). Tamén se

incide nesta competencia ao realizar traballos en grupo, co que se contribúe a desenvolver as habilidades sociais do alumnado, a súa capacidade de colaboración cos demais nun ambiente de respecto, con responsabilidade á hora de asumir a parte que lle corresponde do traballo proposto e o sentido crítico para analizar a información de que dispón.

As actividades de improvisación e creación musical en base a estruturas harmónicas e/ou rítmicas dadas contribúen considerablemente á adquisición desta competencia, do mesmo xeito que o fan as actividades relacionadas co movemento e a danza.

Na aula traballárase tamén a exposición de pequenos traballos en público así como se aplicarán as técnicas básicas de coidado e hixiene da voz.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
- MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.
- MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
- MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
- MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta competencia trabállase desde a materia en todas as unidades didácticas nas que se produce un traballo grupal, especialmente desde a interpretación instrumental e vocal de conxunto, máis as de movemento.

O coñecemento de músicas, tanto actuais como pasadas, favorece a comprensión das diferentes culturas e da achega da música á sociedade. Neste sentido, pódense atopar conexións cos contidos do cuarto bloque “Contextos musicais”. O traballo en grupo, habitual na aula de música, require da participación activa, responsable e respectuosa de todos para realizalo con éxito. A interacción e cooperación entre mozos e mozas para levar a cabo unha tarefa é constante, sendo necesario que o alumnado utilice as habilidades sociais básicas para relacionarse cos demais.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.
- MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
- MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Adquírese a través do traballo grupal (xa referido antes na competencia social) e na habilidade para planificar e xestionar proxectos. Tamén se traballa naquelas actividades que precisan unha planificación e toma de decisións previa, tales como a interpretación vocal, instrumental e de movemento e as relacionadas coa composición e a improvisación.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
- MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.
- MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.
- MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Dadas as características da materia, contribúese á adquisición desta competencia básica desde todas as unidades didácticas, en maior ou menor medida.

A música é percepción e expresión. Noutra orde de cousas, a través da lectura, análise, comentario e creación de críticas musicais por parte do alumnado favorécese a creación dun criterio persoal para valorar diferentes manifestacións musicais, e gozar da súa escoita.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
- MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
- MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
- MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
- MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
- MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.
- MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
- MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

- MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
- MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
- MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
- MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
- MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
- MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
- MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.
- MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.
- MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.
- MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.
- MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.
- MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.
- MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.
- MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.
- MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
- MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.
- MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.

2.2.3 Estándares de aprendizaxe

A continuación recóllense os estándares de aprendizaxe deste curso:

- MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
- MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
- MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
- MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

- MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
- MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.
- MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
- MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
- MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
- MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
- MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
- MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
- MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.
- MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
- MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
- MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.
- MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.
- MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
- MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.
- MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.
- MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.
- MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia

humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.

- MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.
- MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.
- MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.
- MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.
- MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego
- MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
- MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.
- MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.
- MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais
- MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
- MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.
- MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaa como ferramentas para a actividade musical.
- MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
- MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

2.2.4 Contidos

I. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

- **B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.**
 - son: percepción sensorial. Fontes sonoras tradicionais e non tradicionais.
 - Son, ruído e silencio. A produción, transmisión e percepción do son. Diferenciación son-ruído. Representación gráfica dos elementos do son.
 - Posta en práctica de diversos exercicios e de xogos que permitan a comprensión, así como unha rápida interiorización, dos diferentes parámetros do son, sexan cualitativos (altura, timbre, intensidade) ou cuantitativos (duración), máis unha correcta ubicación espacial.
 - Exercitación da memoria auditiva a través de exercicios de recoñecemento sonoro.
 - Os elementos constitutivos da música a través da expresión instrumental: rítmicos, melódicos, harmónicos e formais.
 - Valoración do silencio como marco esencial para a música.

- **B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.**
 - A voz na música.
 - A voz humana como instrumento musical:
 - Anatomía e fisioloxía da voz: coñecemento básico do aparello respiratorio, o aparello fonador e dos resoadores.
 - Realización de exercicios de técnica vocal axeitados, con vistas a unha apreciación completa dos mecanismos que interveñen na emisión vocal.
 - Realización de exercicios de respiración, emisión, impostación (resoadores, proxección, articulación), así como de control muscular diante da práctica do canto (posición, relaxación, equilibrio...) e entoación.
 - Utilización de cancións sinxelas, trabalinguas, refráns, texto (en prosa ou en verso), con vistas á realización de exercicios de articulación, emisión e respiración.
- **B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.**
 - Os instrumentos de percusión Orff: introdución ás súas posibilidades técnicas e interpretativas:
 - Familias instrumentais: coñecemento.
 - corpo como instrumento.
 - A frauta doce: inicio do seu estudio.
 - Memorización de ostinatti rítmicos e rítmico melódicos como forma de acompañamento.
- **B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.**
 - Agrupacións instrumentais de Galicia. Recoñecemento visual e auditivo.
- **B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.**
 - Realización de exercicios de respiración, emisión, impostación (resoadores, proxección, articulación, así como de control postural e relaxación.
 - Busca de unha boa afinación na entoación vocal.
 - Respecto ante as emisións vocais dos demais.
- **B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.**
- **B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.**
 - Relación dos elementos da música coa súa representación na linguaxe musical convencional.
 - Lectura, audición, interpretación e recoñecemento dos elementos coñecidos da linguaxe musical.
 - Realización de ditados rítmicos e/ou melódicos cos elementos coñecidos.

- Interese diante da aprendizaxe da escritura e lectura musical.
- Valoración da linguaxe musical como medio de plasmar as producións propias, ou ben á hora de recrear as creacións musicais.

- **B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.**
 - Interpretación con frauta doce de melodías sinxelas acompañadas por ostinatti con instrumental Orff e pequena percusión.
 - Adquisición dun repertorio variado de obras de diferentes estilos.
 - Interpretación con frauta doce de melodías sinxelas acompañadas por ostinatti con instrumental Orff e pequena percusión.
 - Adquisición dun repertorio variado de obras de diferentes estilos.
 - Valoración do silencio como principio obrigado en calquera fenómeno de interpretación musical.
- **B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.**
 - corpo como elemento de expresión e comunicación.
 - Práctica das actividades básicas do movemento: locomoción, xesto, elevación, rotación e posición.
 - Adaptación do movemento ás calidades do son e a elementos rítmicos coidando a expresión da música a través do corpo.
 - Interese por mellorar a precisión rítmica do movemento con desprazamento e o baile.
 - Respecto ante o movemento dos demais.
 - Control do espazo no movemento colectivo.
 - Realización de bailes populares de Galicia e, de ser posible, de outras Comunidades Autónomas (e algunha representativa de algún outro lugar do mundo).
- **B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.**
 - Valoración do silencio como principio obrigado en calquera fenómeno de interpretación musical.
- **B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.**
- **B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.**

- **B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.**
 - A improvisación como forma de expresión e como recurso compositivo.
 - Improvisación dirixida, a partir de consignas claras, empregando todo tipo de instrumentos e obxectos sonoros.
- **B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.**
- **B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.**
- **B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.**

II. ESCOITA

- **B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.**
- **B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.**
 - Manifestacións vocais e instrumentais.
 - Organoloxía: discriminación auditiva e visual.
 - Principais xéneros.
 - Valoración da música popular de Galicia, e por extensión, da música étnica como expresión cultural dos pobos.
- **B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.**
 - Cualidades e tipos vocais. Clasificación das voces: coñecemento e recoñecemento auditivo; a tesitura.
 - Tipos de agrupacións corais.
 - Os instrumentos musicais como medio de expresión musical.
 - Os instrumentos musicais: clasificación segundo a técnica de produción do son: idiófonos, membranófonos, cordófonos, aerófonos, electrófonos.
 - Aproximación ao instrumental doutras culturas, así como ás agrupacións instrumentais máis salientadas.
 - Visión xeral dos instrumentos do folclore dos diferentes pobos do Estado Español, con especial atención aos da súa Comunidade Autónoma.
 - Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos orquestrais.
 - Agrupacións instrumentais sinfónicas, de cámara, e populares de Galicia.

- **B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.**
 - Ritmo.
 - Definición e ritmos binarios e ternarios.
 - Coeficientes do ritmo: pulso, acento, ritmo e subdivisión; interiorización a partir da práctica diante da execución (vocal e instrumental, individual ou grupal) das obras.
 - Lectura e audición dos elementos rítmicos en relación coa súa representación convencional, e recoñecemento a nivel básico:
 - Métrica: pulso, acento, figuras (desde a negra á semicorchea, esta última sobre a mesma nota, ou ben por graos conxuntos). Signos de prolongación: puntillo e ligaduras. Tempos fortes e febles.
 - Compás: binario, ternario, cuaternario, sempre sobre subdivisión binaria; práctica vocal, instrumental e/ou de movemento.
 - A melodía.
 - Ton e semitón. Intervalos: definición e clasificación.
 - Liña melódica, introdución ao concepto de frase. Escalas maior e menor: apreciación auditiva a través da audición e da práctica, vocal e instrumental.
 - Lectura, audición e recoñecemento dos elementos da música en relación coa súa representación convencional:
 - Melodía: Notas (naturais e alteradas). Intervalos (concepto). Construción de escalas diferentes.
 - Claves: a clave de sol, lectura de fragmentos sinxelos.
 - Realización de ditados rítmicos e rítmico-melódicos cos elementos coñecidos.
 - A harmonía.
 - acorde.
 - Recoñecemento auditivo das tonalidades maior e menor a través da audición e a execución musical, vocal e instrumental, de conxunto.
 - As escalas maiores.
 - A textura.
 - A horizontalidade e a verticalidade. Monodía e polifonía.
 - A forma.
 - Atención aos elementos constitutivos da forma durante a audición e na execución vocal e instrumental: células, motivos, semifrases, frases. Formas básicas (estrófica, canon, etc.

- **B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.**
- **B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.**
 - Escoita activa de obras musicais sinxelas, nas que se aprecien motivos, células rítmicas, mínimos rítmicos, tipos de ritmo e os seus elementos.
 - Achegamento á música doutras culturas: situación da audición ou interpretación en coordenadas xeográficas aproximadas.
 - Recoñecemento dos elementos formais máis elementais diante da audición e a execución musical, ben sexa vocal, instrumental ou de movemento.
 - Interpretación de cancións e de obras: apreciación dos seus elementos constitutivos (rítmicos, melódicos, harmónicos e formais) diante da práctica.
- **B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.**

III. CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAI

- **B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.**
 - Funcións da música en relación á imaxe.
 - Recoñecemento de diferentes manifestacións de danza.
- **B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.**
- **B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.**
- **B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.**
- **B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.**
- **B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.**
- **B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.**
 - Preparación das audicións en directo ás que asistan.
 - Acatamento das normas que rexen o comportamento do público nos espectáculos musicais.

IV MÚSICA E TECNOLOXÍAS

B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

2.2.5 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe en relación ás competencias clave e aos instrumentos e procedementos de avaliación.

A avaliación, tal e como define a LOMCE, debe comprobar o grao de adquisición das competencias clave así como dos obxectivos da etapa. Isto conséguese grazas aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe. Por iso, no **anexo I** fórmulanse os criterios de avaliación e os seus correspondentes estándares de aprendizaxe en relación ás competencias clave e aos instrumentos de avaliación que se empregaran para saber o seu grao de consecución nunha primeira táboa. Nunha segunda táboa relaciónanse os estándares de aprendizaxe, o seu grao mínimo de consecución e a súa temporalización.

○ 2.3 Música en terceiro da E.S.O.

2.3.1 Obxectivos xerais

Ao ser este o último curso no que a materia é obrigatoria, deberanse acadar todos os obxectivos que detalla o currículo oficial, que aquí se concretan para a materia de música:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Acadarase este obxectivo mediante o deseño de actividades nas que a clase traballe en equipo, como son os exercicios de expresión vocal e/ou instrumental con ou sen movemento asociado. Partirase para iso da utilización da voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos e mediante eles expresaranse ideas e sentimentos de cada un ou do grupo, enriquecendo así as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión dun modo tolerante e aberto, buscando sempre o diálogo e imperando a igualdade de trato entre os diferentes membros do propio grupo e dos demais que estean a participar en cada actividade.

Para a expresión de ideas musicais propias é necesario ter en conta os coñecementos adquiridos polo alumnado en segundo da E.S.O., curso no que se traballou xa a improvisación vocal e instrumental, especialmente a través de procesos de pregunta-resposta rítmica ou rítmico-melódica e sobre unha secuencia harmónica dada. A improvisación de movemento foi tamén tratada xa no curso precedente e resulta preferible non abordala neste curso, xa que o desenvolvemento corporal que experimentan os e as adolescentes fai que sintan torpes e incómodos cun corpo en constante cambio, razón pola que se rexeitan *a priori* este tipo de propostas de índole creativa.

Con respecto á interpretación, profundarase na interpretación vocal, pasando das cancións monódicas que se cantaron en 2º da E.S.O. á entoación de cancións homofónicas a dúas voces, onde sexa evidente a homofonía, subordinada á primeira voz (primando as distancias de terceira e sexta, así como o tratamento homorrítmico). Poderán ademais executarse cánones, como exemplo da creación polifónica, a dúas ou máis voces (se é posible, dependendo da dificultade da obra), seguindo unha gradación crecente na súa dificultade.

Na interpretación instrumental realizaranse cancións de dificultade progresiva con instrumental Orff (fautas, placas, pequena percusión...) con ou sen percusión corporal engadida. No que se refire ao movemento e á danza, traballaranse danzas históricas e de diferentes lugares do mundo, incrementándose a dificultade dos movementos e coreografías de modo progresivo.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Este obxectivo está relacionado co anterior en canto ao tipo de actividades que van axudar a acadalo, que serán fundamentalmente as relacionadas coa interpretación musical e o movemento. Promoverase na aula a disciplina na práctica cos instrumentos musicais, adquirindo uns hábitos de estudo na aula e na casa.

Por outra banda, a meirande parte das actividades que se levan a cabo na aula de música son en grupo, polo que todas as normas que rexen o traballo en equipo son indispensables para a súa

correcta realización: respecto aos demais compañeiros e á docencia, silencio ante as explicacións ou execucións dos demais, atención ás indicacións da dirección, etc.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Igual que no caso dos dous obxectivos anteriores, este desenvolverase en actividades de interpretación instrumental, vocal e de movemento e danza. Para iso evítanse en todos os casos os estereotipos en canto á elección dos instrumentos a interpretar e dos roles a desempeñar nas actividades realizadas na aula. O papel de cada un nas actividades de clase será determinado pola docencia, tratando de ter en conta os gustos persoais de cada un e prestando especial atención a calquera tipo de discriminación que se puidera producir.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Entre as actividades que se realizarán ao longo do curso, o alumnado deberá participar na organización de actividades musicais no centro, con respecto, superando estereotipos e prexuízos e tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.

Potenciarase o respecto ante as interpretacións dos demais, así como a valoración das diferentes funcións musicais na interpretación colectiva. Potenciarase que o alumnado asuma un papel activo ante a organización deste tipo de eventos, sempre dentro das súas posibilidades.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Para desenvolver este obxectivo o alumnado debe manexar con soltura partituras convencionais sinxelas, así como outras representacións gráficas (como os musicogramas, por exemplo) que lle faciliten a comprensión das audicións traballadas na aula. Á súa vez, preténdese que coñeza e utilice os distintos medios audiovisuais e impresos ao seu alcance.

Na actualidade estamos asistindo a un increíble movemento de difusión dos medios técnicos no que se refire á divulgación da música. Ao tratalos, hai que diferenciar o aparello reprodutor do propio soporte xa que, en ocasións, o mesmo termo fai referencia a ambos. Por outra banda, o alumnado dos primeiros cursos non ten o costume de empregar estes medios máis que para a reprodución, polo que interesa especialmente que dominen todos os aparellos reprodutores de son e imaxe dos que poden dispor.

Será necesario neste curso que o alumnado se familiarice coa utilización de Internet como outro medio máis para alcanzar información sobre distintas cuestións relacionadas co feito musical e a súa difusión.

Preténdese ademais conseguir que o alumnado amplíe os seus coñecementos á hora de realizar a práctica musical, profundando na complexidade das audicións que debe seguir nunha partitura convencional a través doutros medios.

Por outra banda deberá aumentar o grao de autonomía ao utilizar e ampliar as fontes de información ás que se dirixe (gravacións analóxicas e dixitais, TV, radio, prensa, cine, revistas especializadas, bibliografía, soportes informáticos diversos, Internet...). O obxectivo é lograr que se achegue a elas cunha actitude aberta e crítica a todo tipo de música, para que poida enriquecerse con independencia e autonomía.

O alumnado debe familiarizarse co uso dos aparellos de gravación e reprodución audiovisual, coñecendo o seu funcionamento e valor, facendo uso deles con responsabilidade mostrando unha actitude crítica ante o seu uso indiscriminado.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

A consecución dun espírito crítico é fundamental nun momento no que o alumnado comeza a ser un consumidor habitual de música e posúe un crecente poder adquisitivo. A través da audición procurábase que coñeza máis estilos e correntes musicais que as que habitualmente atopa na súa contorna e que adoitan vir determinadas por orquestradas campañas publicitarias; desta forma amplíase o abanico de posibilidades musicais ao seu alcance.

O carácter influenciábel dos e as adolescentes a esta idade, así como a importancia concedida ao fenómeno musical, fan susceptible de ser o branco de boa parte destas campañas publicitarias, habituais nos medios de comunicación. É fundamental, xa que logo, potenciar o desenvolvemento da súa capacidade crítica, con vistas a que as súas preferencias estean baseadas en criterios musicais e non propagandísticos, así como á hora de tomar conciencia das estratexias comerciais practicadas con moitos dos grupos e cantantes considerados “de moda”.

Deberase profundar no estudo da función social da música e a súa evolución, a través da crítica e a análise das producións, baseado na música para o consumo, a súa función social e as situacións cotiás nas que está presente.

Unha faceta importante será conseguir que teñan criterios independentes e autónomos como consumidores, ademais de que poidan manter unha actitude de valoración e defensa da calidade de vida á que pode afectar a contaminación, incluída a acústica.

En canto á elaboración de opinións críticas persoais para falar da presenza da música no seu entorno, procurábase que o alumnado adquira a madurez suficiente para poder desenvolver as súas propias valoracións, máis aló da indubidable (pero en ningún caso completamente vinculante), influencia dos medios de comunicación e a publicidade.

Por outra banda, os discentes realizarán e exporán en público ao longo do curso traballos sobre as manifestacións musicais nun determinado período histórico, o que desenvolverá a súa capacidade de aprender a aprender. Igualmente, gracias a estas actividades terá que tomar decisións sobre que contidos son os máis relevantes, como expor os traballos realizados, etc., co que se desenvolve amplamente este obxectivo.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizan do diversos medios de expresión e representación.

Para acadar este obxectivo analizaranse obras musicais representativas, nas que o alumnado recoñeza os elementos da música (forma, melodía, ritmo...) a través de escoita activa; é dicir, a través de actividades globalizadoras baseadas na práctica vocal, instrumental ou de movemento, con vistas a comprender a obra tratada. É conveniente que, á súa vez, o alumnado relacione o escoitado coa súa representación gráfica e, xa que logo, coa linguaxe musical, lendo (na medida das súas posibilidades) as obras ou fragmentos de obras ao tocar ou cantar,

ou ben en relación coa audición.

Dada a idade dos e as discentes, é conveniente non cingirse unicamente ao repertorio da música culta occidental, senón abordar tamén obras pertencentes á tradición popular, ou ben a outros tipos de música. En calquera caso, convén sentar unhas bases de un repertorio coñecido e o suficientemente representativo.

Á hora de seleccionar as obras que se van a traballar no aula, é conveniente ter en conta que deben ilustrar claramente, e a grandes liñas, as distintas funcións que a música desempeñou na sociedade, tanto ao longo da historia como na época actual.

Por outra banda, e en relación aos medios de expresión, traballarase a adquisición e incorporación progresiva dun vocabulario adecuado, e cada vez máis amplo, tanto ao tratar o especializado da materia como a un nivel xeral. Dun xeito continuado desde a etapa anterior progresará na ampliación do vocabulario específico ao tratar a terminoloxía musical. O uso da terminoloxía idónea para expresar, defender e comunicar aos demais os propios gustos e observacións musicais debe converterse nun hábito durante o presente curso.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Para a interpretación vocal de obras musicais pártese do estudo da produción da voz polo seu corpo, dos órganos implicados na súa formación, a súa anatomía e fisioloxía. O seu coñecemento é fundamental para adquirir unha boa técnica vocal e os exercicios para acadar este fin deben ser constantes na aula de música. Tanto neste caso como no da interpretación instrumental ou a danza, son imprescindibles o coidado polo mantemento dunha postura corporal correcta e dunha respiración axeitada, sempre que se trate dun instrumento de vento.

Terá especial importancia neste curso (e tamén no anterior) o estudo do fenómeno de muda da voz, tan característico nos adolescentes, a fin de tratar este tema dun modo relaxado e natural, como cambios fisiolóxicos característicos desta etapa da súa vida.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Dende a materia de música farase especial fincapé no coñecemento e valoración da lírica galaico-portuguesa e da música recollida no Códice Calixtino. Deste modo, e a través da audición de obras representativas, traballaranse aspectos básicos do noso patrimonio musical, promovendo o interese e respecto pola súa conservación.

2.3.2 Competencias clave e estándares de aprendizaxe de cada unha

A materia contribúe de forma destacada á adquisición das competencias clave.

1. Comunicación lingüística (CCL).

Ademais de estar presente nas unidades relacionadas coa interpretación de cancións ou a súa improvisación, contribúen á súa adquisición todas as actividades presentes nas unidades nas que o alumnado debe explicar os procesos empregados na súa realización. Tamén destaca a aprendizaxe das terminoloxías específicas da linguaxe musical.

Ademais, procurarase a través das actividades das diferentes unidades didácticas levadas a cabo durante o curso, establecer unha gradación na adquisición desta competencia, que vai dende a busca de información nos textos que se proporcionan, á elaboración de textos propios coherentes a partir dos datos proporcionados, así como á elaboración de conclusións por eles mesmos.

A maior parte das unidades inclúen a realización de actividades grupais que precisan unha planificación e consenso para o que é necesaria unha comunicación oral fluída. En moitas unidades atópanse actividades que precisan da procura de información en diferentes fontes, polo que deben manexar distintos tipos de textos.

Por outro lado, e tendo en conta o acordo tomado no claustro sobre esta competencia, farase un especial fincapé na corrección de faltas de ortografía. En 2º da ESO farase unha valoración positiva da ausencia de faltas ortográficas: 0,5 puntos máis en cada proba escrita que faga o alumno. En 3º e 4º de ESO valoraranse en negativo as faltas de ortografía, restarase entre 0,5 e 1 punto en cada proba escrita que faga o alumno.

Para mellorar o léxico, proponse a elaboración dun pequeno vocabulario de aula onde se irán anotando as palabras descoñecidas que vaian xurdindo en cada tema en todas as materias. Faranse prácticas con este vocabulario ao final de cada tema, e ao rematar cada trimestre.

Levaranse a cabo tamén prácticas de explicación de esquemas ou gráficas dadas as dificultades que se detectan entre o alumnado neste tipo de exercicios.

Esta competencia traballarase especialmente nas Unidades Didácticas adicadas ao estudo da Historia da Música (unidades 1-6).

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
- MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.
- MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.
- MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.
- MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.
- MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

3. Competencia dixital (CD)

A materia de “Música” contribúe ao desenvolvemento desta competencia a través do uso de recursos tecnolóxicos, o dominio básico da informática musical, a manipulación de diversos formatos sonoros e a consulta de información na Internet.

Esta competencia traballárase especialmente na unidade 7, dedicada aos medios audiovisuais, e naquelas unidades didácticas nas que o alumnado realice traballos de investigación (Unidades didácticas 2-6).

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.
- MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.
- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
- MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

4. Aprender a aprender (CAA)

A materia contribúe ao desenvolvemento desta competencia potenciando as capacidades precisas para desenvolver unha aprendizaxe autónoma. Por iso, contribúen á súa adquisición as actividades de audición musical. Tamén se incide nesta competencia ao realizar traballos en grupo, co que se contribúe a desenvolver as habilidades sociais do alumnado, a súa capacidade de colaboración cos demais nun ambiente de respecto, con responsabilidade á hora de asumir a parte que lle corresponde do traballo proposto e o sentido crítico para analizar a información de que dispón.

Por todo isto, esta competencia traballárase sobre todo a través da elaboración de traballos de investigación (Unidades didácticas 2-6).

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.
- MUB1.4.1. Avisa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
- MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
- MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
- MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.
- MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.
- MUB2.4.1. Avisa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.
- MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.

- MUB3.2.1. Amona interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición
- MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.
- MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
- MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta competencia trabállase desde a materia en todas as unidades didácticas nas que se produce un traballo grupal, especialmente nas de interpretación instrumental e vocal de conxunto, e as de movemento.

O coñecemento de músicas, tanto actuais como pasadas, favorece a comprensión das diferentes culturas e da achega da música á sociedade. Neste sentido, pódense atopar conexións cos contidos do terceiro bloque “Contextos culturais e musicais”. O traballo en grupo, habitual na aula de música, require da participación activa, responsable e respectuosa de todos para realizalo con éxito. A interacción e cooperación entre mozos e mozas para levar a cabo unha tarefa é constante, sendo necesario que o alumnado utilice as habilidades sociais básicas para relacionarse cos demais.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.6.3. Amona apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.
- MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
- MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.
- MUB1.6.3. Amona apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.
- MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
- MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.
- MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.
- MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Adquírese a través do traballo grupal (xa referido antes na CSC) e na habilidade para planificar e xestionar proxectos. Tamén se traballa naquelas actividades que precisan unha planificación e toma de decisións previa, tales como a interpretación vocal, instrumental e de movemento e as relacionadas coa composición e a improvisación. Polo tanto traballarase en todas as unidades didácticas.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
- MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
- MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Dadas as características da materia, contribúese á adquisición desta competencia básica desde todas as unidades didácticas, en maior ou menor medida.

A música é percepción e expresión. Noutra orde de cousas, a través da lectura, análise, comentario e creación de críticas musicais por parte do alumnado favorécese a creación dun criterio persoal para valorar diferentes manifestacións musicais, e gozar da súa escoita.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
- MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.
- MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.
- MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
- MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
- MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

- MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
- MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
- MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
- MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.
- MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.
- MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.
- MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.
- MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.
- MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.
- MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.
- MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.
- MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición
- MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.
- MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.
- MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.
- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaaas como ferramentas para a actividade musical.

2.3.3 Estándares de aprendizaxe

A continuación figura un listado de todos os estándares de aprendizaxe deste curso:

- MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
- MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.
- MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.
- MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

- MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
- MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
- MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
- MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
- MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
- MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
- MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.
- MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
- MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.
- MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.
- MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.
- MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.
- MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
- MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.
- MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.
- MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.
- MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.
- MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
- MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.
- MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.
- MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.

- MUB3.2.1. Amona interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición
- MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.
- MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.
- MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.
- MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.
- MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
- MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.
- MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
- MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
- MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

2.3.4 Contidos

I. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

- **B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música.**
 - Lectura musical directa na audición e na interpretación e recoñecemento dos elementos xa aprendidos da linguaxe musical: colocación das notas no pentagrama, notas adicionais, clave de fa en cuarta, duración das figuras, signos que afectan á intensidade e matices, indicacións rítmicas e de tempo, etc.
 - Sistemas de cifrado máis habituais.
 - Relación dos elementos da música coa súa representación na linguaxe musical convencional.
 - Interese ante a aprendizaxe da escritura e lectura musical.
- **B1.2. Textura.**
 - Concepto de textura.
 - Recoñecemento das diferentes tipos texturas a través da audición de obras de diferentes estilos musicais (actuais e ao longo da historia) e da lectura e interpretación de partituras vocal ou instrumentalmente.
- **B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.**
 - Coñecemento dos principais principios compositivos: imitación, repetición, variación, desenvolvemento... a través da interpretación de obras propostas pola docencia e a creación por parte dos discentes.

- Identificación na audición e interpretación de obras musicais dos diferentes procedementos compositivos e tipos formais estudados.
- **B1.4. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.**
 - Interpretación de varias danzas históricas na aula.
 - Coñecemento do propio corpo e das súas calidades expresivas.
 - Interese polo coñecemento e coidado do corpo.
 - Respetto polas execucións dos demais e polo seu espazo na interpretación de danzas.
- **B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.**
 - Realización de exercicios na aula de técnica vocal e aplicación destas técnicas na interpretación de diferentes cancións.
 - Interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas vogais axeitadas para unha correcta emisión e colocación da voz durante a interpretación das obras propostas.
 - Interese pola hixiene e o coidado da voz.
- **B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.**
 - Coidado por manter o silencio na interpretación, atención ao director/a e aos/ás e outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
 - Participación nas actividades de interpretación musical achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da actividade.
 - Actitude de escoita e atención a un mesmo e aos demais, respectando as diferentes intervencións e os planos sonoros.
 - Actitude positiva cara o grupo, aceptando e sendo aceptado, participando con desinhibición nas actividades realizadas na aula.
 - Interese por controlar as emocións nas exposicións en público.
- **B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.**
 - Capacidade crítica e valoración persoal ante o ben feito, a través da gravación e posterior escoita do interpretado.
 - Afición e desfrute pola interpretación de pezas vocais e instrumentais.
 - Realización de comentarios críticos a partir da visualización e/ou audición das gravacións realizadas sobre as actividades musicais executadas na aula.
- **B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.**
- **B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.**

- **B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.**
 - Elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e a selección de distintos tipos de organización musical.
 - Participación nas actividades de creación e improvisación musical con desinhibición e interese, con espírito de mellora e superación.
 - Acompañamentos instrumentais con acordes fundamentais.
 - Improvisación vocal ou instrumental sobre baixos en ostinati: chacona, folía...
 - Improvisación, vocal ou instrumental, empregando como soporte unha secuencia harmónica proposta, coñecida con anterioridade.
 - Interese e respecto polas creacións dos seus compañeiros e compañeiras.
- **B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.**
 - Lectura musical directa, con ou sen apoio da imitación ao profesorado, como axuda ante a interpretación vocal e instrumental empregando diferentes tipos de notación.
 - Participación activa nas actividades de interpretación levadas a cabo na aula, asumindo diferentes roles e intentando adecuar a súa interpretación á do resto dos integrantes do grupo.
 - Interpretación, práctica e, de ser o caso, memorización de obras musicais vocais, instrumentais ou de danza de diferentes xéneros e estilos.
 - Contribución ao desenvolvemento das actividades de creación e interpretación mediante achegas de ideas musicais co fin de mellorar a tarefa común.
 - Interpretación individual ou grupal (orquestra Orff, frutas, voces...).
 - Adquisición dun repertorio variado de obras.
 - Interpretación de cancións:
 - Apreciación dos seus elementos interpretativos (fraseo e expresión).
 - Apreciación dos seus elementos constitutivos (rítmicos, melódicos, harmónicos e formais) ante a práctica.
 - Canto “a capella” con ou sen acompañamento.
 - Fixación e memorización das partes e do conxunto, por imitación ao profesorado coa lectura como apoio, ou ben por lectura directa.
- **B1.12. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.**
 - Valoración do silencio como marco imprescindible ante a interpretación musical.
 - Mantemento do silencio, como principio e final dunha peza.
 - Coidado por manter un nivel sonoro axeitado durante as súas emisións cotiás.
 - Respecto polas propostas do profesorado e dos outros discentes.

- Aceptación e cumprimento das normas establecidas para o bo funcionamento do grupo, con vistas a conseguir unha interpretación correcta.
- Participación activa nas actividades de interpretación levadas a cabo na aula con actitude de mellora e compromiso.
- Actitude de respecto polas interpretacións dos demais.
- **B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.**
 - Interese e coñecemento das paisaxes sonoras que nos rodean.
 - Os obxectos sonoros: exploración das súas posibilidades sonoras.

II. ESCOITA.

- **B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.**
 - Coñecemento e identificación auditiva dos diferentes tipos de tesituras vocais.
 - Coñecemento das clasificacións vocais e instrumentais.
 - Identificación auditiva dos instrumentos da orquestra e das principais tesituras vocais.
 - Os instrumentos como medio de expresión musical: características xenéricas e formais: evolución dos instrumentos ao longo da historia.
 - Tipos de agrupacións corais e instrumentais.
 - B2.2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
 - Seguimento de musicogramas e partituras mentres se realiza a audición activa dunha obra musical.
- **B2.3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.**
 - Principais tipos de textura: monódica, homofónica, contrapuntística, monodia acompañada.
 - Tipos de ritmo: libre e métrico (binario, ternario, cuaternario).
 - Principais procedementos e formas compositivas (formas simples binarias e ternarias, virelai, villancico, concerto, sonata, rondó, variacións...
 - Tipos de deseño melódico.
- **B2.4. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.**
- **B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.**
 - Escoita activa de obras musicais representativas de cada período histórico, apoiada pola realización de actividades globalizadoras que se baseen na práctica vocal, instrumental ou de movemento, sexan realizadas previa, simultánea ou posteriormente á audición tratada, engadidas ós comentarios da audición realizados polo profesorado e a posibles traballos posteriores do alumnado.

- Coñecemento e análise das formas básicas do repertorio vocal e/ou instrumental, apoiado pola audición e seguimento de partituras ou outras representacións gráficas.
 - Recoñecemento dos elementos formais ante a audición.
 - Seguimento de audicións empregando grafías non convencionais.
 - A crítica como medio de información, análise e valoración do feito musical.
 - Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e de enriquecemento cultural.
 - Seguimento de partituras sinxelas e musicogramas para unha mellor comprensión da obra escoitada.
- **B2.6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.**
 - O lugar do concerto. Escenarios musicais.
 - A programación e organización de concertos.
 - Preparación das audicións en directo ás que asistan, realizadas como actividade escolar ou ben extraescolar.
 - Acatamento das normas que rexen o comportamento do público nos espectáculos musicais, en función da música interpretada e da estética da montaxe.
- **B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.**
 - Melodía. Líña melódica, frase. Apreciación auditiva do modo das escalas diatónicas a través da audición.
 - Ritmo. Coñecemento e discriminación dos distintos tipos de ritmo (libre e métrico) utilizados mediante a audición e a interpretación vocal e/ou instrumental de obras representativas.
 - Harmonía. Consonancia e disonancia. Apreciación do seu valor expresivo. Recoñecemento auditivo da tonalidade, das funcións tonais básicas, modos, consonancias e disonancias, así como da existencias de cadencias.
 - Timbre. Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos orquestrais. Coñecemento somero das súas posibilidades técnicas e de execución. Agrupacións instrumentais sinfónicas, de cámara e populares. Coñecemento de obras representativas de agrupacións corais.
 - Textura. Monodia: homofonía e melodía acompañada; polifonía e contrapunto. Recoñecemento aproximado da textura a través da audición de obras representativas.
 - Forma. Procedementos compositivos básicos: imitación, repetición, variación desenvolvemento, etc. Audición e recoñecemento das formas musicais: estrófica, canon, rondó, sonata, variación, etc.
 - Dinámica e expresión musical. Os matices. Dinámica e agónica. Indicacións de movemento. Indicacións de carácter. Acentuación e articulación.

- B2.8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.
- Actitude de cooperación no grupo e de respecto ante o resto dos compoñentes, así como á dirección, asumindo un rol activo á hora de salvagardar o silencio preciso durante a escoita..

III. CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS.

- **B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.**
 - A música no cine. Introducción á función da BSO, visualizando escenas ou fragmentos de películas representativas, como apoio ás actividades de práctica vocal e/ou instrumental.
 - A música e as artes plásticas: coñecemento de algunhas representacións musicais características nas artes plásticas.
 - Escoita activa e visualización de espectáculos onde se interpreten obras musicais representativas, apoiadas pola realización de actividades globalizadoras que se baseen na práctica vocal e/ou instrumental, así como na audición.
 - Realización de exercicios que relacionen diferentes modos de expresión artística.
- **B3.4. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.**
 - Función da música nas producións audiovisuais.
 - Características da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
- **B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.**
 - Realización de traballos monográficos sobre un tema proposto pola docencia empregando os recursos ao seu alcance para a busca de información.
 - Exposición en público de traballos monográficos empregando os medios audiovisuais ao seu alcance.
 - Interese pola investigación da música de diferentes épocas e culturas.
 - Busca selectiva na Internet de información sobre as correntes histórico-estilísticas, compositores, organoloxía, músicas populares... ilustrada por arquivos MIDI, de audio (mp3), partituras o páxinas web relacionadas cos estilos musicais tratados.
 - Busca en fontes bibliográficas diversas, revistas, enciclopedias...
- **B3.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.**
 - A música na radio e na televisión: influencia do medio na sociedade e no consumo de música.
 - A crítica como medio de información, análise e valoración do feito musical.
 - Valoración da obra musical como fonte de saber cultural e artístico.

- Interese por manexar diferentes recursos tecnolóxicos para profundar no coñecemento da música e desfrutala.
- **B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.**
 - Identificación das características musicais das obras escoitadas e en base a elas relacionalas correctamente con un estilo compositivo determinado.
 - Relación de cada período coa sociedade do momento, as artes e o pensamento.
 - Relación das cuestións técnicas aprendidas e vinculalas ás distintas épocas da historia da música.
- **B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.**
 - A música na Idade Media. Música monódica e polifónica, sacra e profana. Organoloxía. Recoñecemento visual dalgúns instrumentos da época e a súa clasificación. A lírica galaico-portuguesa.
 - A música no Renacemento. A polifonía relixiosa e profana do Renacemento. A música instrumental do Renacemento. Relación do período coa sociedade do momento, as artes e o pensamento.
 - Barroco musical. A harmonía barroca e o baixo continuo. Instrumentos do Barroco. Música relixiosa e música profana. Formas instrumentais barrocas. As orixes da ópera. Principais autores-
 - Música do Clasicismo e do Romanticismo. Principais xéneros e formas musicais. A ópera clásica. Principais autores-
 - A música na sociedade contemporánea. Principais estilos compositivos e autores.
 - A danza ao longo da historia: coñecementos básicos sobre a súa evolución.
 - Función da música ao longo da historia.
 - Interese por coñecer a música de diferentes épocas e culturas.
 - Escoita activa de obras representativas de cada período, apoiada en partituras ou outras representacións gráficas.
 - Situación espazo temporal aproximado de audicións representativas de diferentes estilos musicais.
 - Interpretación vocal e/ou instrumental de obras ou musicais (ou fragmentos) características de cada período seguindo as normas de comportamento axeitadas.
 - Coñecer e explicar, empregando un vocabulario axeitado, a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.
- **B3.9. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.**
 - Busca de información con autonomía, con espírito crítico á hora de seleccionar as fontes máis axeitadas.
 - Elaboración e comunicación de ideas propias sobre o feito musical dun modo rigoroso e preciso.
 - Emprego dun vocabulario axeitado para describir o feito musical na súa expresión oral e escrita.

- Construír a súa opinión persoal sobre diferentes obras musicais en base ao seu coñecemento de conceptos musicais básicos e comunicala empregando unha expresión oral e/ou escrita rigorosa e clara.
- **B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.**
 - Utilización de diferentes fontes de información para indagar sobre o feito musical (novas tendencias, representantes, grupos de música).
 - Ter unha opinión crítica e fundamentada sobre diferentes fenómenos musicais.
 - Coñecemento, respecto e valoración da creatividade e a innovación musical ao longo da historia.
 - Interese por ampliar e diversificar os seus gustos musicais.

IV. MÚSICA E TECNOLOXÍAS

- **B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.**
 - Emprego dos instrumentos electrónfonos dispoñibles para a interpretación na aula.
 - Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación de pezas musicais.
- **B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.**
 - Emprego dos dispositivos dispoñibles para a gravación de pezas e actividades musicais.
 - Rexistro das composicións propias, empregando con autonomía os recursos tecnolóxicos ao seu alcance.
 - Coñecer as técnicas de gravación, reprodución, creación e interpretación musical, creando sinxelas producións audiovisuais.
 - Coñecemento dos diferentes procesos implicados na produción musical e participación dentro das súas posibilidades empregando os materiais, metodoloxía e tecnoloxía axeitada.
- **B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.**
- **B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.**
- **B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.**

2.3.5 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe en relación ás competencias clave e aos instrumentos e procedementos de avaliación.

A avaliación, tal e como define a LOMCE, debe comprobar o grao de adquisición das competencias clave así como dos obxectivos da etapa. Isto conséguese grazas aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe. Por iso, no **anexo II** se formulan os criterios de avaliación e os seus correspondentes estándares de aprendizaxe en relación ás competencias clave e aos instrumentos de avaliación que se empregaran para saber o seu grao de consecución.

2.4 Música en cuarto da E.S.O.

2.4.1 Obxectivos xerais

Deberanse acadar todos os obxectivos que detalla o currículo oficial, que aquí se concretan para a materia de música:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Ao igual que no curso anterior, acadarase este obxectivo mediante o deseño de actividades nas que a clase traballe en equipo: exercicios de expresión vocal e/ou instrumental con ou sen movemento asociado. Partirase para iso da utilización da voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos e mediante eles expresaranse ideas e sentimentos de cada un ou do grupo, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión dun modo tolerante e aberto, buscando sempre o diálogo e imperando a igualdade de trato entre os diferentes membros do propio grupo e dos demais que estean a participar en cada actividade.

A expresión de ideas musicais propias foi traballada xa nos cursos precedentes, mediante a improvisación vocal e instrumental, especialmente a través de procesos de pregunta-resposta rítmica ou rítmico-melódica e sobre unha secuencia harmónica dada.

Seguirase co traballo de cancións polifónicas, fundamentalmente homofónicas a dúas voces, continuando deste xeito o traballo de terceiro da E.S.O. (primando as distancias de terceira e sexta, así como o tratamento homorrítmico). Poderán ademais executarse cánones, como exemplo da creación polifónica, a dúas ou máis voces (se é posible, dependendo da dificultade da obra), seguindo unha gradación crecente na súa dificultade.

Na interpretación instrumental realizaranse cancións de dificultade progresiva con instrumental Orff (fautas, placas, pequena percusión...) con ou sen percusión corporal engadida. No que se refire ao movemento e á danza, traballaranse danzas históricas e de diferentes lugares do mundo, incrementándose a dificultade dos movementos e coreografías de modo progresivo.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Este obxectivo está relacionado co anterior en canto ao tipo de actividades que van axudar a acadalo, que serán fundamentalmente as relacionadas coa interpretación musical e o movemento. Promoverase na aula a disciplina na práctica cos instrumentos musicais, adquirindo uns hábitos de estudo na aula e na casa.

Por outra banda, a meirande parte das actividades que se levan a cabo na aula de música son en grupo, polo que todas as normas que rexen o traballo en equipo son indispensables para a súa correcta realización: respecto aos demais compañeiros e á docencia, silencio ante as explicacións ou execucións dos demais, atención ás indicacións da dirección, etc.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Igual que no caso dos dous obxectivos anteriores, este desenvolverase en actividades de interpretación instrumental, vocal e de movemento e danza. Para iso evitaranse en todos os casos os estereotipos en canto á elección dos instrumentos a interpretar e dos roles a desempeñar nas actividades realizadas na aula. O papel de cada un nas actividades de clase será determinado pola docencia, tratando de ter en conta os gustos persoais de cada un e prestando especial atención a calquera tipo de discriminación que se puidera producir.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Con este obxectivo preténdese por unha banda que o alumnado manexe con soltura e coñeza todos os medios de comunicación de masas do século XX: radio, televisión, prensa escrita, Internet, cine, etc. Desta forma comprenderá o papel dos medios de comunicación na difusión de música, con vistas por unha banda a que teña acceso a música de calquera estilo e, por outra, a que aplique os seus propios criterios á hora de decidir o que quere oír, independentemente da presión exercida polos medios publicitarios. No momento actual, os alumnos teñen acceso a gran cantidade de información (incremento das bibliotecas públicas, medios de información, Internet...), pero non todas as fontes ao seu alcance teñen a mesma validez e utilidade. Por iso, á vez que se amplía a súa autonomía á hora de empregalas, é necesario formar tamén certo sentido crítico para seleccionar tanto esas fontes como a información que precisan, evitando o seu uso indiscriminado, para que poida enriquecerse con independencia e autonomía.

Á vez preténdese que coñeza a evolución dos medios de reprodución e gravación do son e a súa repercusión na difusión da música.

Será necesario neste curso que o alumnado se familiarice coa utilización da Internet como outro medio máis para alcanzar información sobre distintas cuestións relacionadas co feito musical e a súa difusión.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar a un nivel básico os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Neste curso contribúese ao desenvolvemento deste obxectivo mediante a utilización de técnicas e recursos compositivos na elaboración de ideas musicais así como na análise da música relacionada co cine e a publicidade.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Neste curso os discentes participarán de forma activa no desenvolvemento e planificación do festival de fin de curso. A través desta actividade é como se contribuirá fundamentalmente á consecución deste obxectivo, pois precisan participar con espírito emprendedor desenvolvendo iniciativas persoais. A planificación da actividade e a toma de decisións pola súa parte será

fundamental para que esta actividade se leve a cabo con éxito.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas.

Traballarase este obxectivo en todas as clases, procurando en todo momento incrementar a súa linguaxe técnica, e buscando a súa correcta expresión tanto na linguaxe oral (nos debates en clase) como na escrita (elaboración de traballos, realización de comentarios de texto, exames, exercicios de clase, etc.)

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizan do diversos medios de expresión e representación.

Traballarase a consecución deste obxectivo na realización das audicións que se levarán a cabo neste curso, así como a relación entre a música e outras manifestacións artísticas mediante os traballos de música e cine e publicidade. Tamén no coñecemento de diferentes correntes musicais do século XX, que se tratarán neste curso.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Como en todos os cursos, para a interpretación vocal de obras musicais pártese do estudo da produción da voz polo seu corpo, dos órganos implicados na súa formación, a súa anatomía e fisioloxía. Son imprescindibles o coidado polo mantemento dunha postura corporal correcta e dunha respiración axeitada, sempre que se trate dun instrumento de vento.

Contribúese tamén ao desenvolvemento deste obxectivo mediante a práctica de danzas de diferentes países, incidindo no afianzamento de hábitos de coidado e saúde corporal.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Dende a materia de música farase especial fincapé no coñecemento e valoración da música tradicional galega así como das súas danzas máis características, das que se traballarán varias na aula. Deste modo, e a través da audición e interpretación de obras representativas, traballaranse aspectos básicos do noso patrimonio musical, promovendo o interese e respecto pola súa conservación.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Posto que as clases en cuarto da E.S.O. se imparten en galego, e dende o momento que en todos os cursos se traballa a correcta expresión dos discentes coa utilización dunha linguaxe técnica axeitada, precisa e clara, este obxectivo se traballa en profundidade neste curso.

2.4.2 Competencias clave e estándares de aprendizaxe de cada unha

A materia contribúe de forma destacada á adquisición das competencias clave.

1. Comunicación lingüística (CCL).

Ao longo deste curso o alumnado continuará coa análise, descrición, comentario e crítica de obras musicais de diferentes correntes estilísticas. En todo caso buscarase unha gran precisión na formulación de mensaxes así como na elección do léxico empregado, buscando o emprego de un vocabulario técnico axeitado.

Ademais, mediante a elaboración e exposición en público dun traballo de investigación ao longo do curso incidirase tamén na adquisición desta competencia, coidándose tanto a expresión escrita como a oral, na que en xeral se detectan maiores problemas.

Ademais, maior parte das unidades inclúen a realización de actividades grupais que precisan unha planificación e consenso para o que é necesaria unha comunicación oral fluída. En moitas unidades atópanse actividades que precisan da procura de información en diferentes fontes, polo que deben manexar distintos tipos de textos.

Por outro lado, farase un especial fincapé na corrección de faltas de ortografía. En 2º da ESO farase unha valoración positiva da ausencia de faltas ortográficas: 0,5 puntos máis en cada proba escrita que faga o alumno. En 3º e 4º de ESO valoraranse en negativo as faltas de ortografía, restarase entre 0,5 e 1 punto en cada proba escrita que faga o alumno.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
- MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
- MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
- MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada.
- MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
- MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.
- MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.
- MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.
- MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Contribúese ao desenvolvemento desta competencia en boa parte na utilización de programas e aplicacións informáticas relacionadas coa música, así como no emprego de programas axeitados para elaborar as súas propias producións audiovisuais, e exposicións de traballos de

investigación. Tamén na busca de información para realizar os traballos de investigación e para realizar a análise e comentario das audicións traballados durante o curso.

- MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.
- MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
- MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
- MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.

3. Competencia dixital (CD)

A materia de “Música” contribúe ao desenvolvemento desta competencia a través por unha parte do traballo con aplicacións informáticas musicais, como son editores de partituras cos que creará arranxos musicais e/ou composicións propias, e por outro mediante programas informáticos que emulan estudos de son, sintetizadores, samplers, etc.

Ademais, na elaboración de traballos que xa se mencionou, deberá empregar diferentes fontes de información, sendo a Internet unha das máis importantes, para buscar os datos que precisa. Tamén será preciso empregar programas informáticos axeitados para apoiar a exposición destes traballos, así como para a elaboración de producións audiovisuais.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
- MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.
- MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.
- MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.
- MUB2.5.1. Avisa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.
- MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.
- MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
- MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.
- MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.
- MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
- MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.
- MUB4.5.1. Avisa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.

- MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.
- MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

4. Aprender a aprender (CAA)

Neste curso o alumnado debe ter xa certa autonomía para a elaboración de traballos de investigación, así como para manexarse coas diferentes aplicacións informáticas que precisará para realizar as distintas actividades propostas. Por iso, contribúese activamente ao desenvolvemento desta competencia, pois o alumnado ten que desenvolver unha aprendizaxe autónoma.

Ademais, ao realizar traballos en grupo, contribúese a desenvolver as habilidades sociais do alumnado, a súa capacidade de colaboración cos demais nun ambiente de respecto, con responsabilidade á hora de asumir a parte que lle corresponde do traballo proposto e o sentido crítico para analizar a información de que dispón.

Por todo isto, esta competencia traballarase sobre todo a través da elaboración de traballos de investigación (Unidades didácticas 2-6).

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
- MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.
- MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.
- MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.
- MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta competencia trabállase desde a materia en todas as unidades didácticas nas que se produce un traballo grupal, especialmente nas de interpretación instrumental e vocal de conxunto, e as de movemento.

O coñecemento de músicas, tanto actuais como pasadas, favorece a comprensión das diferentes culturas e da achega da música á sociedade. Neste sentido, pódense atopar conexións cos contidos do terceiro bloque “Contextos culturais e musicais”. O traballo en grupo, habitual na aula de música, require da participación activa, responsable e respectuosa de todos para realizalo con éxito. A interacción e cooperación entre mozos e mozas para levar a cabo unha tarefa é constante, sendo necesario que o alumnado utilice as habilidades sociais básicas para relacionarse cos demais.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

- MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.
- MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
- MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.
- MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
- MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
- MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
- MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.
- MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
- MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
- MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.
- MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.
- MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.
- MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.
- MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.
- MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
- MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Adquírese a través do traballo grupal (xa referido antes na CSC) e na habilidade para planificar e xestionar proxectos. Tamén se traballa naquelas actividades que precisan unha planificación e toma de decisións previa, tales como a interpretación vocal, instrumental e de movemento e as relacionadas coa composición e a improvisación. Polo tanto traballarase en todas as unidades didácticas.

Ademais, nas unidades didácticas relacionadas coa produción musical, se traballa especialmente esta competencia ao estudar a función de cada profesional neste ámbito.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.
- MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Dadas as características da materia, contribúese á adquisición desta competencia básica desde todas as unidades didácticas, en maior ou menor medida.

A música é percepción e expresión. Noutra orde de cousas, a través da lectura, análise, comentario e creación de críticas musicais por parte do alumnado favorécese a creación dun criterio persoal para valorar diferentes manifestacións musicais, e gozar da súa escoita.

Os estándares de aprendizaxe desta competencia clave son os seguintes:

- MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.
- MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
- MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.
- MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
- MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
- MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada.
- MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
- MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
- MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
- MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
- MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.
- MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.
- MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.
- MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
- MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.

2.4.3 Estándares de aprendizaxe

A continuación figura un listado de todos os estándares de aprendizaxe deste curso:

- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
- MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
- MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.
- MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
- MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.
- MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.
- MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
- MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.
- MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.
- MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.
- MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
- MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.
- MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
- MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
- MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.
- MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
- MUB2.4.3. Amona interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
- MUB2.5.1. Amona unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.
- MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
- MUB3.1.1. Amona interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
- MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúalos no seu contexto histórico e social.
- MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.
- MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.
- MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.
- MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.

- MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.
- MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
- MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
- MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.
- MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.
- MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
- MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.
- MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.
- MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.
- MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

2.4.4 Contidos

I. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

- **B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.**
 - Interese por explorar as posibilidades técnicas do instrumental escolar.
 - Interpretación mediante a voz, os instrumentos e/ou o movemento de obras pertencentes a diferentes ámbitos.
 - Aplicación de destrezas instrumentais (guitarras, láminas, teclados e outros instrumentos) para interpretar obras e realizar acompañamentos.
 - Adquisición dun repertorio de danzas, mediante a aprendizaxe de coreografías e bailes, en parellas mixtas ou en grupo de número variable, con atención á relación do movemento co ritmo (pulso, acento), melodía e forma, así como aos seus elementos constitutivos (pasos, figuras, posicións, distribución no espazo...).
 - Asunción do rol que lle corresponda na interpretación colectiva, desde acompañante a liña melódica ou dirección do grupo.
- **B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.**
 - Utilización de recursos como a relaxación, a respiración, impostación ante a emisión vocal.
 - Práctica de repertorio variado a unha ou máis voces.
 - Práctica instrumental e vocal de obras representativas das distintas correntes musicais estudadas.

- Execución vocal e/ou instrumental de obras ou fragmentos de obras dos distintos estilos tratados.
- Lectura musical directa na interpretación vocal e instrumental, empregando notación convencional, e sistemas de cifrado diversos.
- Seguimento de audicións empregando grafías non convencionais
- **B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.**
 - Gravación (audio, vídeo ou soporte informático) e comentario crítico, oral ou escrito, empregando unha linguaxe adecuada, sobre as actividades realizadas no aula.
 - Execución de danzas populares do mundo, do Estado Español, do seu C.A.
 - Interpretación mediante a voz, os instrumentos e/ou o movemento de obras pertencentes ás músicas tratadas.
 - Avaliación razoada das actividades realizadas no aula.
 - Asunción do rol que lle corresponde na interpretación colectiva, desde acompañante a liña melódica, ou dirección do grupo.
- **B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.**
 - Valoración da actividade instrumental e vocal (interpretación, acompañamento, improvisación) como fonte de aprendizaxe, diversión, relación e expresión.
 - Sensibilidade e capacidade crítica ante as interpretacións propias e alleas, tanto vocais como instrumentais.
 - Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación, tanto vocal como instrumental (individual ou colectiva).
 - Interese polo coidado e mantemento dos instrumentos e o uso correcto da voz.
 - Valoración da actividade instrumental e vocal (interpretación, acompañamento, improvisación) como fonte de aprendizaxe, diversión, relación e expresión.
- **B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.**
 - Improvisación vocal ou instrumental sobre baixos en ostinati.
 - Improvisación, vocal ou instrumental, empregando como soporte unha secuencia harmónica proposta, coñecida con anterioridade.
 - Improvisación vocal e/ou instrumental a partir da escala de blues, pentatónicas diversas, maiores e menores... no seo de obras traballadas no aula.
 - Composición vocal e/ou instrumental sobre temas sinxelos coñecidos con anterioridade, seguindo o esquema básico dunha variación.
 - Creación de textos para unha música dada.
 - Composición de obras empregando os diferentes recursos ao seu alcance (o propio corpo, instrumentos escolares ou non, medios informáticos...).
- **B1.6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.**

- A figura do compositor e a súa función social.
- A profesión do músico: compositores, arranxistas, intérpretes, profesores, editores...
- A fabricación de instrumentos. Talleres artesanais.
- **B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.**

II. ESCOITA

- **B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.**
 - Análise de obras dos diferentes períodos e estilos, fundamentado na audición e apoiado en partituras e/ou noutras representacións gráficas.
 - Visualización e/ou escoita de obras e/ou fragmentos de obras representativas de cada época e estilo.
 - Introducción ao estudio da música popular urbana do século XX.
 - Escoita activa de obras musicais representativas, apoiada pola realización de actividades globalizadoras baseadas na práctica vocal, instrumental ou de movemento realizadas previa, simultánea ou posteriormente á audición tratada.
 - Seguimento de fragmentos musicais escritos e musicogramas para unha mellor comprensión das características da obra escoitada.
 - Actitude crítica e sensibilidade ante o consumo indiscriminado da música e o exceso de produción de ruído.
- **B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.**
 - A crítica como medio de información, análise e valoración do feito musical.
 - Lectura e análise de críticas musicais.
 - Elaboración de críticas de actividades musicais ás que asistan, ou ben das audicións realizadas no aula.
 - Emprego dunha linguaxe adecuada.
- **B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.**
 - Comentario crítico, oral ou escrito, empregando unha linguaxe adecuada, sobre as actividades realizadas no aula.
 - Lectura e comentario crítico de textos relacionados coa música estudada.
 - Utilización por parte do alumnado dunha linguaxe oral e escrita adecuada para expresar e discutir os distintos aspectos das obras traballadas.
 - Debate no aula sobre aspectos estilísticos de diferentes correntes, ámbitos musicais, xéneros...
 - Realización de comentario de texto literario musical.
- **B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.**

- Procura selectiva en Internet de información sobre as correntes histórico-estilísticas, compositores, organoloxía, músicas populares... ilustrada por arquivos MIDI, de audio (mp3), partituras ou páxinas web relacionadas cos estilos musicais tratados.
- Procura en fontes bibliográficas diversas, revistas, enciclopedias.
- Análise histórico-organolóxico.
- **B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.**
 - Edición e difusión de partituras interpretadas no aula, empregando os medios ao seu alcance.
 - Edición e difusión de música gravada no aula, empregando os medios ao seu alcance.
 - Novas modalidades de distribución da música: procura en Internet de arquivos mp3, intercambio de arquivos...
 - Os dereitos de autor.
- **B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.**
 - A música nos medios audiovisuais. Características e funcións.
 - Visualización de fragmentos de películas representativas das diferentes funcións da música no cine.
 - A música na radio e na televisión.
 - Análise de música para anuncios publicitarios.
 - Valoración dos medios de comunicación e das achegas das novas tecnoloxías como instrumentos de coñecemento, goce e relación cos demais.
 - Función da música na publicidade. Análise das funcións da música na publicidade estática e dinámica por medio da observación e do estudo de diferentes anuncios.
 - Análise comparativa das diferentes programacións de música en distintas emisoras de radio e televisión, identificando a súa idoneidade.
- **B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.**
 - Interese por profundar no coñecemento das composicións musicais de distintos estilos.
 - Sensibilidade ante as obras e autores que constitúen o noso patrimonio musical.
 - Interese polas manifestacións artísticas doutras culturas.
 - Valoración das diferentes producións sonoras como expresión do patrimonio cultural dos pobos.
 - Actitude activa ante a preservación e transmisión de obras tradicionais, especialmente das que se producen espontaneamente e na súa contorna máis inmediata.
 - Apreciación e goce da audición de obras e espectáculos musicais e respecto polas normas que rexen o comportamento dos mesmos.
 - Actitude crítica e sensibilidade ante o consumo indiscriminado da música e o exceso de produción de ruído.

III. CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

- **B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.**
- **B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.**
 - Apreciación e desfrute da audición de obras e espectáculos musicais e respecto polas normas que rexen o comportamento dos mesmos.
 - Uso social da música popular urbana, tradicional e culta.
 - A música cotiá. Diversidade de estilos e situacións.
 - Relación de cada período histórico-estilístico estudado coa sociedade do momento, as artes e o pensamento. A difusión da música
 - Realización de comentarios de texto relacionados coa función da música na sociedade, presente ou do pasado.
 - Factores históricos e sociais que condicionan o desenvolvemento da música.
 - Reflexión persoal sobre a presenza da música na sociedade actual.
 - Valoración do silencio como parte imprescindible das nosas vidas.
- **B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas.**
 - Valoración da obra musical como manifestación artística e expoñente da sociedade no seu momento, considerando o resto das artes así como as circunstancias históricas presentes.
- **B3.4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.**
 - Música de fondo, hilo musical, música publicitaria, BSO...
 - A música nos medios audiovisuais. Características de cada medio. Interacción música-imaxe.
 - Función da música ao servizo de outras linguaxes.
- **B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.**
 - B.S.O.
 - Funcións da música cinematográfica.
 - Diferentes tipos de música cinematográfica.
 - A música na publicidade. Funcións da música na publicidade.
 - Análise de secuencias cinematográficas e spots publicitarios.
- **B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.**
- **B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.**
- **B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.**

IV. MÚSICA E TECNOLOXÍAS

- **B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.**
- **B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.**
- **B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.**
 - Protocolo MIDI.
 - Elementos básicos dunha cadea informático musical.
 - Procura selectiva de arquivos MIDI, de audio ou vídeo (mp3, mpc, mp4...), partituras (tabulaturas de guitarra, melodías para frauta...) ou páxinas web relacionadas coa música, en Internet. Coñecemento dos instrumentos electrónicos e electromagnéticos da música máis próxima aos seus intereses.
 - Coñecemento das posibilidades técnicas e expresivas dos instrumentos electrónicos con relación aos acústicos.
 - Coñecemento e manipulación de programas informáticos relacionados coa edición de partituras, os secuenciadores, o audio dixital, así como de diversos programas educativos.
 - Procura selectiva de arquivos MIDI, de audio ou vídeo, partituras (tabulaturas de guitarra, melodías para frauta...) ou páxinas web relacionadas coa música, en Internet.
- **B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.**
 - Tipos de gravadoras e de reprodutores. O son analóxico e o dixital. Tipos de soportes: vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
 - Gravación (audio, vídeo ou soporte informático) e comentario crítico, oral ou escrito, empregando unha linguaxe adecuada, sobre as actividades realizadas no aula, ou fóra dela.
- **B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.**
 - Funcións da música no cine. Evolución da música cinematográfica. A BSO.
 - Visualización de fragmentos de películas representativas das diferentes funcións da música no cine.
 - A música na radio e na televisión.
 - Función da música na publicidade. Análise das funcións da música na publicidade estática e dinámica por medio da observación e do estudo de diferentes anuncios.
- **B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.**
 - Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes.
 - Interpretación simultánea á visualización de películas ou anuncios.
 - Selección de músicas para unha secuencia ou imaxe dada.

- **B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.**
 - Valoración dos medios de comunicación e das achegas das novas tecnoloxías e as TIC como instrumentos de coñecemento, goce e relación cos demais.
 - Responsabilidade e coidado do material empregado (ordenadores, periféricos, teclados MIDI, sintetizadores, cámaras, gravadoras, etc.).
 - Respecto polas dúbidas e inseguridades dos demais, especialmente no caso de persoas que non estean afeitas ao emprego destas tecnoloxías.
 - Actitude crítica ante o consumo de música comercial e a manipulación dos gustos musicais por parte dos medios de comunicación.
 - Interese por rexistrar as súas propias interpretacións.

2.4.5 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe en relación ás competencias clave e aos instrumentos e procedementos de avaliación.

A avaliación, tal e como define a LOMCE, debe comprobar o grao de adquisición das competencias clave así como dos obxectivos da etapa. Isto conséguese grazas aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe. Por iso, no **anexo III** se formulan os criterios de avaliación e os seus correspondentes estándares de aprendizaxe en relación ás competencias clave e aos instrumentos de avaliación que se empregaran para saber o seu grao de consecución.

2.5 Carga horaria

A carga horaria prevista para a programación, e distribuídas por curso, será:

2º curso:

- Bloque 1, “Interpretación e creación”: 50 %
- Bloque 2, “Escoita”: 20 %
- Bloque 3, “Contextos musicais e culturais”: 20 %
- Bloque 4, “Música e tecnoloxías”: 10%

3º curso:

- Bloque 1, “Interpretación e creación”: 30%
- Bloque 2 “Escoita”: 30%
- Bloques 3 “Contextos musicais e culturais”: 30%
- Bloque 4 “Música e tecnoloxías”: 10%

4º curso:

- Bloque 1, “Interpretación e creación”: 50%
- Bloque 2, “Escoita”: 10 %
- Bloque 3, “Contextos musicais e culturais”: 20 %
- Bloque 4, “Música e tecnoloxías”: 20%

2.6 Metodoloxía

2.6.1 Xeneralidades

O modo en que se secuencian os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, a función do profesorado, o papel atribuído á actividade do alumno/a, a distribución do espazo e do tempo, o agrupamento dos alumnos, etc. dependen especialmente de supostos teóricos e metodolóxicos que convén facer explícitos para que o deseño e o desenvolvemento curricular sexan o resultado dunha reflexión consciente a partir de intencións educativas.

As decisións que configuran unha proposta metodolóxica teñen os seus referentes básicos, por unha parte, na función social que se lle atribúe ao ensino (traducida na importancia relativa que se lles concede a uns contidos sobre outros) e, pola outra, na concepción que se posúe, non sempre explícita, sobre como se aprende e como se ensina.

Neste apartado vanse revisar estes referentes desde a perspectiva derivada dos obxectivos e contidos xa especificados.

Para este curso, debemos ter presente o Plan de adaptación á situación COVID 19 para o curso 2021-22, sobre todo no referente aos agrupamentos e distribución de espazos na aula. Para este curso e mentres dure esta situación, os alumnos terán un lugar fixo que estará reflexado nun plano de aula, e os apartados que veñen a continuación (agrupamento na aula e distribución de espazos) non se terán en conta. Se ben, incluímos porque en canto recuperemos a normalidade volveremos a guiarnos por eles.

- **Agrupamento na aula**

A distribución do espazo é unha constante cando aparece a necesidade de traballar en equipo dentro da aula. En función do tipo de didáctica escollida á hora de planificar a sesión, é posible distinguir o grupo pequeno (empregado na instrución diferenciada) do grupo grande (máis propio do traballo en común e as explicacións da docencia). O grupo pequeno ten máis versatilidade que o grande, aínda que supón:

- Unha especialización e separación de tarefas.
- A existencia dunha persoa que exerza a coordinación no seo do seu grupo.
- A supervisión xeral do grupo clase e particular do grupo pequeno e o traballo de cada un dos seus elementos por parte do profesorado.
- Un mecanismo de posta en común.
- A posta en funcionamento dunhas estratexias indutivas e de xestión axeitadas.

A separación de tarefas obriga á unha correcta planificación do traballo, así como a un coñecemento das capacidades dos e das discentes integrantes dos grupos formados. Cando o alumnado escolle a súa pertenza a un grupo determinado, é habitual que estes agrupamentos se realicen máis contando coas relacións persoais que seguindo as compatibilidades á hora de traballar. É necesario, polo tanto, que se produza unha correcta supervisión do profesorado con vistas a orientar ao alumnado no sentido de formar equipos realmente operativos, nos que todos poidan desenvolver as súas capacidades, extraer conclusións e que reforcen o sentido da aprendizaxe.

A coordinación debe ser exercida por unha persoa elixida polos demais membros do grupo, a ser posible de forma consensuada. As súas funcións son evidentes; segundo a actividade de que se trate abarcan dende o reparto do traballo e a asignación de tarefas ata a dirección ante a práctica vocal ou instrumental en grupo.

O control do profesorado implica a súa vez unha correcta distribución do alumnado no espazo, que lle permita moverse entre os diferentes grupos, así como unha avaliación máis pormenorizada.

A posta en común na nosa área ten (ademais dos tradicionais valores comúns ás outras, como o intercambio de opinións, o respecto ás opinións dos demais e a súa expresión, a corrección na fala, o vocabulario, a claridade de exposición e de síntese...) implica a posta en funcionamento de mecanismos que lles permitan un acercamento ante a práctica vocal, instrumental e de movemento ensaiada previamente en grupos pequenos.

Finalmente, a docencia deberá asumir o papel dinamizador e motivador, deseñando estratexias indutivas do pensamento e a acción, así como de xestión ante os resultados obtidos polo alumnado.

O traballo en grupo pequeno inflúe moi positivamente na consecución dos obxectivos propostos, tal e como foi estudado por Johnson. Seguindo a súa liña de investigación, e considerando as características inherentes á nosa área, podemos afirmar:

- As situacións cooperativas producen un maior rendemento e produtividade cás competitivas, especialmente á hora de considerar a execución motriz (práctica instrumental, movemento...), a aprehensión de conceptos (música no tempo, linguaxe musical...), a formulación de opinións e solucións a problemas dados (investigación sonora, harmónica, improvisación...) e a memorización de conceptos (música no tempo, linguaxe musical, experimentación sonora, organoloxía...).

- Aínda que en maior medida que no punto anterior, as situacións cooperativas son superiores ás individualistas, sempre que non se trate de aprendizaxes mecánicas previos, senón aplicados (resultaría pouco operativo tocar a voces a fruta doce sen controlar o mecanismo de emisión, dixitación, etc.).
- O sentido de cooperación no seo do grupo con competición intergrupos amosa ser superior á competición interpersonal, especialmente nas tarefas de elaboración (confección de traballos, arranxos vocais ou instrumentais de unha mesma peza, construción de instrumentos...)
- A competitividade intergrupos resulta ser moito máis beneficiosa para o equilibrio psíquico e o desenvolvemento das capacidades do alumnado que a competitividade individual, especialmente no caso de actividades mecánicas o de elaboración e cando o grupo é pequeno, o que o converte en extremadamente operativo.

- **Distribución de espazos**

Todos os cursos recibirán clase de música na aula específica, agás que debido ao carácter eminentemente procedimental da nosa materia, o comportamento do alumnado de cara ao coidado e respecto ao material da aula e/ou ao profesorado fagan preciso que as clases sexan de índole máis teórico e polo tanto teñan lugar na aula de referencia de cada grupo (nunca se dou este suposto).

Unido á cuestión do agrupamento, xurde o problema da distribución de espazos que afecta a dúas cuestións diferentes: de un lado, á elección e distribución do mobiliario, e por outro ao emprego do instrumental escolar.

Dunha atenta lectura do currículo de música se desprende a necesidade de variar de xeito habitual a distribución da aula, segundo a actividade a realizar, mantendo unha gran parte (o incluso a totalidade) do espazo baleiro (movemento, baile, expresión corporal, con ou sen acompañamento instrumental asociado), ou unha gran ocupación nas de audición, fruta, etc.. En base a isto na aula de música hai cadeiras de pa, xa que permiten unha maior e máis rápida mobilidade e posibilitan por tanto a creación de diferentes ambientes e grupos dentro da aula, sendo ademais fáciles de pregar e gardar, ocupando pouco espazo. Son ademais precisas 3 mesas normais coas súas cadeiras pois resultan mais cómodas para tocar os xilófonos e metalófonos, que polo seu tamaño non caben nas cadeiras de pa.

En canto ao instrumental empregado terase en conta que nos grupos pequenos pode ser preciso duplicar algúns deles, contando co equilibrio nos diferentes grupos instrumentais creados para o ensaio preliminar dunha peza. A necesidade dunha correcta distribución do número de compoñentes en cada un destes grupos, así como a de separar uns dos outros, trae como consecuencia a conclusión de que a aula de música debe ter unhas dimensións determinadas, nas que incide ademais o tipo de actividades desenvoltas nela.

2.6.2 Métodos didácticos

Todo método ou estratexia didáctica que empreguemos para levar a cabo os obxectivos que nos propoñamos debe responder á idea de facer da aprendizaxe algo que cobre vida, que faga que o alumno participe activamente no traballo de clase. Neste senso, haberá que facer unha análise das maneiras ou medios metodolóxicos máis axeitados, atendendo ás características do alumnado e ás competencias e habilidades do profesorado, para a consecución dos obxectivos educativos, sempre respectando os principios do construtivismo e da aprendizaxe significativa.

De acordo coas opcións adoptadas anteriormente sobre a maneira de organizar os contidos de aprendizaxe, haberá que definirse agora sobre a utilización de propostas metodolóxicas ben centradas na disciplina, ben con tratamentos interdisciplinares ou ben globalizadores (centros de interese, proxectos, investigación sobre o medio, etc.). O Deseño Curricular límitase a ofrecer algunhas orientacións xerais sobre como ensinar. Da súa análise e da perspectiva adoptada nesta programación dedúcese non obstante determinados criterios que se deben ter en conta:

- Os enfoques globalizadores, pola cantidade e calidade dos vínculos que poden establecer entre contidos e entre estes e os coñecementos previos dos alumnos, son un medio idóneo para o ensino da música. O enfoque globalizado supón presentar os contidos da ensinanza resaltando as súas relacións e vinculándoos ao contexto habitual do alumno ou a outro contexto significativo. Nun tratamento disciplinar, teremos un enfoque globalizador cando a aprendizaxe dun contido non se realice por unha decisión máis ou menos arbitraria, senón cando se efectúe en función dunhas necesidades de coñecemento ou dea resposta a uns problemas máis amplos que os estritamente disciplinares, de maneira que o alumno poida outorgarlle un senso que lle permita proxectalo a outros contextos ou situacións problemáticas.
- A intervención pedagóxica é decisiva e insubstituíble, e debe ter un carácter o máis individualizado posible xa que o seu obxectivo é adaptarse ás características persoais de cada alumno ou alumna. Importa acompañar o ritmo de aprendizaxe do grupo clase ao ritmo individual de cada alumno, planeando constantemente o apoio suplementario que se necesite en cada caso, segundo o indiquen as circunstancias. No campo das actividades que os alumnos realizan ou poden realizar, debemos utilizar prantexamentos individualizadores que posibiliten a actividade de cada alumno, centrándonos nas necesidades, intereses e motivacións que amosen. A presentación de alternativas de actividades sobre as que os alumnos escollen as que máis lles interesan é unha alternativa metodolóxica válida no senso de que desenvolven e manifestan afeccións, gustos e intereses, e porque comprobamos o grao de aceptación das súas opinións e suxerencias. Este enfoque metodolóxico debe completarse con orientacións do profesor sobre aquelas actividades que máis lle conveñen a cada alumno en determinada situación. Por último, a través do traballo en grupo con asignación de responsabilidades individuais, o alumno mostra unha dedicación persoal sobre as tarefas realizadas no grupo e interioriza o valor da súa aportación ao esforzo común do grupo.
- Paralelamente ao principio de individualización, do que se derivan moitas manifestacións pedagóxicas concretas, podemos falar de socialización como complemento necesario e fundamental. De nada sirve a atención á individualidade dos alumnos se non conseguimos unha integración no grupo clase no que se atopa.
- Para elo é necesario fomentar certos hábitos, condutas e actitudes que estimulen un verdadeiro espírito de cooperación e colaboración grupal. Pola súa natureza, a ensinanza da música proporciona ocasións idóneas para a socialización: facer música xuntos implica coordinación e respecto polos demais membros do grupo. Pero ademais, para afondar neste obxectivo podemos utilizar distintas técnicas de dinámica de grupos (Mesa redonda, Debate, Tormenta de ideas...).
- Para o proceso de ensinanza aprendizaxe da música é fundamental ter en conta os recursos didácticos do entorno sociocultural e os recursos ou medios indirectos, como podan ser os medios audiovisuais. A correcta utilización do medio como recurso didáctico implica por parte do profesor un coñecemento profundo da comunidade e o entorno musical circundante. A asistencia preparada a concertos e actividades musicais e as visitas programadas implican unha concienciada preparación para que

podan resultar proveitosas didacticamente: deben ter un significado real para os alumnos, para o seu interese e as súas necesidades; deben ir encadradas dentro dun bloque temático e asociadas as experiencias que o alumno debe realizar; debe responder ós obxectivos previstos e os alumnos deben participar na súa preparación. A utilización dos medios audiovisuais, por outra banda, supón o uso dunha metodoloxía intuitiva moi axeitada para os alumnos, que poden ter acceso, ademais de a gravacións discográficas, ao coñecemento e visualización de feitos, procesos, lugares, obxectos e outras manifestacións da realidade musical que de outro xeito dificilmente poderíamos abarcar.

- O profesor/ra é un axente motivador que, empregando estratexias didácticas diversas, consegue espertar o interese e a participación activa do alumno. Entre as estratexias básicas destacan: estimular a participación activa dos alumnos en clase; fomentar o traballo en grupo; evitar as sancións negativas polo fracaso e a falta de recoñecemento persoal polo éxito; procurar que o alumno interveña na planificación didáctica, por exemplo na súa preparación, opinando sobre a súa realización e dándolles a oportunidade de rexeitar ou aprobar actividades que se propoñan; invitar ao alumnado a participar na avaliación da súa aprendizaxe; coidar a forma de presentación da información, non abusando sempre da mesma vía de comunicación; empregar estratexias que fagan revivir nos alumnos os coñecementos anteriores para montar sobre eles a aprendizaxe dos novos coñecementos; espertar e desenrolar en todo momento a creatividade nos alumnos...

Ademais dos criterios anteriores, no proceso de ensinanza-aprendizaxe da música na ESO encontran aplicación diversos métodos didácticos coñecidos. A este respecto convén ter en conta que non hai métodos bos ou malos. A elección dependerá da calidade da axuda didáctica que se lle ofrezca a cada alumno en cada momento, en función das súas necesidades e da posibilidade de acadar unha aprendizaxe significativa.

Os métodos a empregar son basicamente os seguintes:

- **método de proxectos**

O método de proxectos prantexa ós alumnos situacións problemáticas para que intenten resolvelas de xeito creativo, estimulando así a imaxinación, a creatividade e a aplicación de experiencias anteriores; este método é ideal para interrelacionar toda a experiencia cognoscitiva, centrándose na resolución dun problema prantexado, desde tódolos ángulos posibles.

O método fundaméntase na necesidade de globalizar os programas, partindo da base de que na vida non hai materias, senón problemas que hai que afrontarse e que implican a súa resolución. O prantexamento é, precisamente, partir dun problema e usar a aprendizaxe, a acción, para resolvelo.

- **Aprendizaxe por descubrimento**

A tarefa de observar e rexistrar información de forma sistemática, información da que se podan extraer conclusións despois, é a base deste método, cuxa liña de traballo principal é non proporcionar directamente os coñecementos, senón máis ben ensinar ós alumnos a manexar o que xa saben para que eles mesmos podan aprender (descubrir), coa axuda do profesor, outras cousas.

Na aprendizaxe por descubrimento:

- O contido principal a aprender non se dá, tense que descubrir.
- Require unha etapa de tanteo, anterior a captación do significado.
- Por último, unha etapa de interiorización da información descuberta.

Nunha primeira fase o profesor presenta ós alumnos unha gran cantidade de datos que encerran en si unha serie de problemas. O alumnado comeza o seu traballo e o profesor o guía no mesmo, respectando os seus momentos de intuición para que sexa el/ela mesmo/a o/a autor/a da súa aprendizaxe. O profesor debe ser un instrumento de auxilio constante, axudando ao alumnado a resolver os erros nos que poda caer e aproveitándoos para comezar a estratexia intelectual destinada a descubrir as solucións ós problemas. Esa conduta constante do profesor como guía do que o alumnado aprende require do mesmo un coñecemento profundo das estratexias didácticas máis axeitadas e as habilidades intelectuais que os alumnos utilizan e manexan para reorientar constantemente o curso do seu descubrimento sen facilitar a súa solución.

Por outra banda, é fundamental que o profesor/ra propicie frecuentemente o éxito no descubrimento, para non extinguir a motivación que comporta. Por tanto, hai que partir dun descubrimento en dificultade crecente que faga fortalecer a motivación e adquirir experiencia no descubrimento de problemas.

O método da aprendizaxe por descubrimento non pode usarse como único método de traballo pola complicación que entraña, sendo recomendable unicamente para un determinado tipo de actividades nas que o método encaixe axeitadamente.

- **Método científico**

O método científico parte de cinco etapas:

- Prantexamento do problema: coñecemento dos feitos, detección dun punto escuro, redución e formulación do problema.
- Construción dun modelo teórico: formulación de hipóteses.
- Dedución das consecuencias.
- Proba das hipóteses formuladas.
- Introducción das conclusións na teoría preexistente e reaxuste do modelo establecido en base a elas.

Polas súas características, o método científico ten moita utilidade na nosa área, xa que a interacción teoría-práctica é continua e, dado o nivel de desenvolvemento dos coñecementos do alumnado, precisa enormemente unha base empírica.

Supoñamos, por exemplo, os conceptos de disonancia e consonancia, fundamentais á hora de entender a harmonía, a modulación, a xénese do acorde, a textura... os estilos musicais e a evolución histórica da música. A través do método científico o alumnado pode establecer criterios que lle permitan afondar nesa concepción inicial de consoante-disonante, ampliando a súa capacidade auditiva, e a comprensión da riqueza da harmonía; o xeito de aproximación a moitos tipos de acorde, que poden ser englobados na categoría de “disonantes” pasa, evidentemente, pola formulación da hipótese da resolución de tensións orixinadas na condución das voces e a súa resolución. A comprobación práctica nos instrumentos polifónicos, ou a través do conxunto vocal ou instrumental, serve de proba ás conclusións extraídas, o que posibilita unha reformulación continua do concepto de “disonancia”, máis aproximado ao do noso século.

De igual xeito traballaremos a transmisión do son (espazos musicais, acústica arquitectónica...), os principios de produción do son nos instrumentos musicais (elaboración do proxecto, elección dos materiais, construción...), a harmonía...

2.6.3 Principios metodolóxicos

Os principios que rexen a elaboración desta programación son os seguintes:

a) **A actividade.** Un método activo caracterízase polo prantexamento inicial de que as cousas se aprenden facéndoas. A actividade supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables, que debido ao talante da nosa área poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais, e expresivo-comunicativas.

b) **A unidade de teoría e práctica.** A tradicional separación de ámbalas dúas non facilita a fixación do apreendido no proceso de ensinanza e aprendizaxe. O xeito de mesturar a práctica e a teoría a través da actividade precisa dun principio de intervención educativa cuxa base debe ser a investigación persoal, por parte da docencia e dos e das discentes, individual ou grupalmente. No proceso de aprendizaxe, o alumnado deberá expresar as súas propias ideas, opinións, e valoracións, no marco dun prantexamento analítico, que obrigue a unha síntese, e un debate aberto sobre elas, o que conleva o desenvolvemento da capacidade reflexiva, o sentido crítico e a capacidade analítica.

c) **A atención personalizada.** Dentro das lóxicas limitacións do sistema educativo polo número de discentes presentes en cada grupo, procurárase impartir unha educación personalizada. En todo momento a docencia terá en conta a dimensión individual e afectivo social de cada membro do grupo, a partir das súas capacidades.

d) **A flexibilidade,** evitando a excesiva rixidez no proceso de ensinanza aprendizaxe, facilitando cantas adaptacións fosen necesarias co fin de conseguir os obxectivos propostos, pero vixiando estritamente a temporalización, con vistas a cumprimentar o programa completo da materia. Para iso estableceranse as pautas de traballo docente necesario:

- en horario extraescolar;
- con supervisión directa do profesorado sobre o alumnado;
- distribuíndo o traballo en equipos ou grupos con funcións moi concretas;
- delegando as funcións docentes de control en coordinadores ou coordinadoras de cada equipo ou grupo, que comuniquen puntualmente á docencia dos avances ou problemas xurdidos.

e) **A creatividade,** mediante a inclusión de actividades (exercicios, traballos, prácticas, investigacións...) que estimulen o pensamento.

f) **A socialización.** Propiciarase un coñecemento vivencial da realidade cotiá a través dun:

- contacto coa realidade cultural e as manifestacións artísticas musicais, mediante a asistencia a concertos de todo tipo, así como a exposicións relacionadas co campo musical e co son en xeral, estudos de gravación, e todo o que poda gardar relación coa presenza social da música;
- prantexamento baseado no traballo de equipo, con actividades rexidas polo principio de participación en grupo.

g) **A interdisciplinidade.** En todo momento se terá en conta:

- un enfoque interdisciplinar, aproveitando os numerosos puntos de contacto co currículo das outras áreas;
- a consideración dos contidos transversais como posible elemento motivador que conecte actividades concretas como un posible centro de interese;
- que a música, polos seus elementos fisiolóxicos, afectivos e intelectuais, pode incidir notablemente na consecución dos obxectivos de etapa.

h) **A globalización.** A área de “Música” presenta uns Bloques de Contido cuxa conexión interna é máis que evidente. É dicir, que a través do traballo duns incídese inmediatamente nos outros, formando unha unidade dificilmente separable en apartados. ao realizar a programación, partindo de determinados centros de interese, se terá en conta esa relación, baseándose na actividade a través da execución vocal, instrumental ou de movemento.

2.6.4 Atención á diversidade

No conxunto do aula pódense atopar diversos xeitos de pensar, vivir e comportarse. A falta de uniformidade entre os/as discentes obriga ao profesorado a idear unha serie de estratexias educativas. A diversidade do grupo pode deberse a factores de diversa índole:

2.6.4.1 De coñecementos.

Xa que algunhas persoas poden emprender estudos especializados de música (en Conservatorios ou Centros Autorizados de Música ou Danza, Escolas de Música ou de Danza ou, asistindo a academias, clases particulares...). Nestes casos coexistirían na aula persoas que practican xa cun instrumento de forma extraescolar con outras con coñecementos que se reducen ao aprendido durante a etapa da Educación Primaria e os correspondentes cursos de secundaria, co que isto supón de establecemento de niveis diferentes.

Centrándonos no alumnado de Conservatorio, se comezasen con oito anos en centros oficiais os alumnos de 2º, 3º e 4º da E.S.O. atoparíanse cursando segundo, terceiro e cuarto curso do Grado Profesional, respectivamente (en caso de non repetir ningún en ambos ensinós). Considerando esa posibilidade, e segundo marca a lei, poderían obter a convalidación da materia de “Música” (independentemente de que os estudos de réxime especial fosen de “Música” ou de “Danza”, aínda que neste caso convalidarían, ademais, “Educación Física”).

A diferenza de coñecementos afecta en gran medida aos contidos de índole funcional, especialmente no que se refire á linguaxe musical e á harmonía (que estudarían no centro especializado cando estiveran a cursar 3º e 4º da E.S.O., ao ser materia do terceiro e cuarto curso do Grado Profesional). No caso de estudar un instrumento de vento-madeira ou de percusión esta diferenza afectaría tamén á técnica instrumental, pois estarían moi por encima do resto en execución en fruta doce e instrumental Orff, respectivamente (sen ter en conta outras materias de interpretación en conxunto, como música de cámara ou orquestra).

Por iso, terase en conta o que supón esta diversidade do alumnado á hora de:

- **Asignar o instrumental escolar:** mentres que en segundo e terceiro da E.S.O. o alumnado deberá familiarizarse coa orquestra Orff e todos deben traballar a fruta de bico, en cuarto curso recoméndase unha maior especialización instrumental, de maneira que cada membro do grupo se especializará nun instrumento en concreto; deste xeito se incentivará o seu interese cara á súa formación musical, respondendo en maior medida ás súas expectativas. Cando o instrumento elixido sexa de placas, procurarase que o alumnado rote, de maneira que interprete en todos os posibles (carillóns, xilófonos e metalófonos, e en todas as tesituras). En terceiro e cuarto curso contéplase o emprego de instrumentos cromáticos así como a utilización de tres baquetas (mantendo dúas nunha man) simultáneas. Se se decanta por continuar co emprego da fruta, elevarase de forma paulatina o nivel, de maneira que interpreten segundas voces, toquen oitava alta do escrito cando sexa posible, se introduzan no emprego de frutas doutras tesituras (sopranino, contralto ou tenor), ornamenten pasaxes, interpreten a só (ata coidando a articulación), improvisen... Estas medidas, sobre placas ou frutas, serán

extensivas ao alumnado que, por posuír unha facilidade ou por avanzar de forma destacada na materia, poidan asumilas.

Se o alumnado estuda outros instrumentos que poden estar na aula (como guitarra ou piano) incorporaranse ao grupo instrumental con el, aínda que será conveniente que interpreten, algún día, cos escolares.

Pode ser interesante incorporar ao conxunto instrumental o instrumento que estudan; para iso, se elaborará o oportuno arranxo.

- **Ler partituras:** en 2º e 3º curso da E.S.O., a necesaria incidencia na linguaxe musical pode causar monotónía no alumnado que xa a coñece, polo que se considerará a posibilidade de:
 - Realizar traballos en pequenos grupos, nos que este alumnado asuma a supervisión da aprehensión dos contidos correspondentes por parte dos seus compañeiros/as, ou ben a súa explicación, a escritura de obras ou motivos creados grupalmente, etc.
 - Diseñar actividades de ampliación sobre as de desenvolvemento realizadas de forma cotiá, que lles permitan aumentar os seus coñecementos sobre a linguaxe musical.
 - Coidar o emprego de niveis diferenciados á hora de referirse á escritura da música, de forma que a maioría do grupo poida comprender as explicacións, pero sen esquecer o emprego dunha linguaxe máis técnica para os que xa coñecen a linguaxe musical, con vistas a que non consideren os estudos de réxime xeral como de menor consideración, senón de natureza diferente aos de réxime especial.
- **Traballar en grupo:** en determinadas actividades de aula (como as que se corresponden á creación musical, a lectura e escritura grupal, a interpretación vocal e/ou instrumental en pequeno grupo, a elaboración de coreografías...), o alumnado que xa posúe coñecementos sobre a materia aprenderá a teorizar ao ter que explicala aos demais, á vez que estes aproveitarán os seus coñecementos.

Polo tanto, estableceranse os grupos en base a criterios docentes e non sobre preferencias, rendemento, amizade entre os seus compoñentes, etc., coidando que os grupos estean compensados, evitando que os que estudan música extraescolarmente formen un máis avanzado, potenciando a aprendizaxe cooperativo e o traballo grupal.

- **Avaliar:** esta Programación Didáctica establece (como principio de valoración do traballo do alumnado) avaliar as aprendizaxes; partindo do detectado na avaliación diagnóstica (e non só o relativo aos coñecementos, senón á aptitude musical, e considerando sempre o grado de interese) polo que se valorarán os avances producidos en cada membro do grupo. Polo tanto, calquera persoa que progrese de forma destacada será puntuado de forma elevada. Seguindo este mesmo principio, o discente que por estudar música previamente non responda ás expectativas esperadas (trala realización das correspondentes actividades de ampliación deseñadas para el), non merecerá alcanzar o aprobado, por máis que os seus coñecementos previos puidesen situalo por encima do resto dos integrantes da clase. Avaliarase por tanto a aprendizaxe.

É conveniente que, simultaneamente ao deseño de actividades de ampliación, se elaboren nas de desenvolvemento actividades que permitan ao profesorado orientar, ao alumnado que desenvolve as de ampliación, mentres o resto está ocupado.

En terceiro curso da E.S.O. terase presente que os coñecementos previos que poidan adquirir fora do centro poden facilitar a execución e a lectura, pero non inciden nos conceptos a tratar, xa que estes baséanse en gran parte nos seguintes apartados:

- A historia da música, non estudada polo alumnado nos ensinos de réxime especial, aínda que poden resultarlles próxima, debido a que recoñezan autores ou interrelacionen con comentarios realizados polo profesorado de instrumento nos ensinos de réxime especial.
- A música étnica, que non se estuda nestes ensinos especializados ata o Grado Superior (e só nalgúns especialidades, como nas de “Etnomusicoloxía”, “Musicoloxía”, ou “Instrumentos da Música Tradicional e Popular”).
- A introdución que se fai da música urbana, que non se estuda nestes ensinos, dedicadas tan só á música culta occidental, así como á funcionalidade da música e a súa relación con outras linguaxes artísticas.

Ao igual que ocorre en terceiro curso, moitos dos contados de tipo conceptuais que se imparten en cuarto curso da E.S.O. non foron abordados polo alumnado que cursa estudos de réximes especial, como é o caso dos que se relatan a continuación:

- As novas tecnoloxías aplicadas á música, teñen presenza en Galicia a través da materia “Informática Musical” no terceiro curso do Grado Profesional.
- A música étnica.
- estudio que se fai das distintas correntes da música popular urbana, que non se estuda nestes ensinos, centrados tan só na música culta occidental, así como á funcionalidade da música e a súa relación con outras linguaxes artísticas, como a música cinematográfica, a música publicitaria, a crítica musical, etc...

2.6.4.2 De aptitude

O que afecta á facilidade ante o fenómeno musical; considerando o principio de avaliar as aprendizaxes. Terase en conta o grado de aptitude do alumnado (detectado trala avaliación inicial), valorando o esforzo dos que menos facilidade mostran, sen que por iso se penalice ás persoas que presentan maiores aptitudes.

Poden mostrar habilidade ante a música, en xeral, ou ben ante un tipo concreto de actividades, por exemplo:

- A práctica vocal: en segundo curso, a maior parte do alumnado está experimentando (ou acaba de sufrir) o fenómeno da “muda”, polo que non adoitan ser demasiado receptivos ante a práctica coral. Isto vese agravado por un problema á hora de elixir o repertorio, que adoita estar afastado dos seus intereses. A programación incide no canto coral a través de cancións sinxelas a dúas voces e canons con vistas a solventar os problemas de falta de interese e de aptitudes ante o canto por parte do alumnado.
- A práctica instrumental: neste campo si é factible atopar unha motivación destacada no alumnado. Os problemas vocais xa comentados son facilmente sustituíbles coa práctica instrumental, pois o alumnado se decanta maioritariamente por este tipo de actividades.

- O movement: o alumnado de segundo e cuarto curso da ESO atopa gran atractivo na expresión corporal e a danza, sobre todo como liberación de enerxía e relación social. As persoas que posúan unha especial aptitude ante a danza poderán dirixir ás demais en actividades grupais. En terceiro da E.S.O., debido ao rápido crecemento do seu corpo, os adolescentes atópanse torpes coas actividades de movemento e danza, pois non controlan con precisión os movementos dun corpo en constante cambio.
- A lectura musical: o interese do alumnado por ler música vén impulsado polo de interpretar obras de autores do seu preferencia.
- A creación: adoita ir unida a outras aptitudes, sobre todo á mostrada ante a práctica instrumental.
- A audición: habitual en persoas cunha educación musical moi consolidada ou ambiente favorable no seu fogar.

2.6.4.3 De actitude

- Cun interese concreto, sexa cantar, tocar instrumentos, ler música, bailar...
- Con gustos musicais diversos. Noutra orde de cousas, é habitual atopar na aula persoas con gustos musicais diferentes, ata contrapostos en canto a correntes estéticas. O profesorado mostrará sempre unha actitude de tolerancia e respecto.
- O interese dos discentes pola materia debe ser observado pola docencia día a día, partindo das experiencias e prácticas que se fagan en cada sesión. O único control que resulta posible ante formulacións de tipo afectivo é unha medición a partir de afirmativo ou positivo (+) e negativo (-), contestando a unha serie de cuestións de tipo xeral e que tamén poden incluírse na ficha particular de cada discente ou ben como seguimento de todo o grupo. En todos os casos faise necesario valorar o grao de interese; os principios desta Programación Didáctica non parten da avaliación dos coñecementos, senón das aprendizaxes: partindo do detectado na avaliación diagnóstica, valoraranse os avances producidos, considerando o grado de aptitude e o interese mostrado.

2.6.4.4 Socio culturais

A música é un reflexo da sociedade que a produce, polo que o alumnado atoparase supeditado, en maior ou menor medida, á súa contorna sociocultural, dando lugar a distintas situacións ante a música dentro do aula.

O ambiente socio cultural afecta á familia, grupo de amigos e lugar onde vive:

- A influencia da familia pode ser destacada, xa que a educación musical e a música escoitada no fogar pode decantar, en gran medida, o gusto musical do alumnado que se está a formar nesta etapa. Ao longo da E.S.O. introdúcese ao alumnado no coñecemento da chamada música culta occidental, o rock e jazz, diversas correntes da chamada música popular urbana, e a música étnica. É máis que probable que o alumnado xa escoite no ambiente familiar algún destes tipos de músicas, co que o seu interese e o grao de participación e intercambio de información pode ser maior.
- Ademais, influiría a tradición musical familiar, que ata pode remontarse no pasado varias xeracións. O alumnado que chega ao centro provén de zonas moi ricas a nivel de música e danza tradicional: é frecuente que os seus avós/avoas fosen gaiteros/as, pandereiteiros/as, ou saiban bailar diferentes danzas tradicionais.
- Para rematar, e en menor medida, afecta tamén a familia en canto ao poder adquisitivo e o orzamento destinado á cultura, que pode constituír unha barreira á

hora de apoiar actividades extraescolares, asistencia a eventos musicais, profesores particulares ou, simplemente, ao comprar partituras, instrumental, soportes (discos, DVD...) ou aparellos reprodutores.

- Mentres que o alumnado de 2º da E.S.O. está bastante influenciado polo grupo de amigos, tanto no modo de vestir e de comportarse como na música que escoltan, a influencia do grupo non é tan determinante en cuarto, máxime se consideran os contidos propios deste. A estas idades interésanse por outras músicas, máis aló das que lles ofrecen os medios, e teñen gustos propios e mellor definidos. É corrente que compartan amizades en base aos seus gustos musicais, co que isto pode ter de enriquecedor (segundo a música de que se trate). Neste sentido dende a docencia tratarase ao longo de cada curso de descubrir ao alumnado novas correntes e xéneros musicais para que o abano de posibilidades a escoller sexa o maior posible, coidando sempre o respecto polos gustos propios dos outros compañeiros.

ACTIVIDADES

A diversidade do alumnado da aula precisa do deseño de actuacións que cubran as súas diferentes necesidades e expectativas. As actividades que se propoñan deben ser:

- Variadas, con vistas a satisfacer ao maior número posible de pareceres, o que aumentará a motivación do alumnado. Se debe procurar que a interiorización dun mesmo contido se leve a cabo dende distintas actividades; así, a docencia pode actuar no sentido de, non só variar os enfoques, senón de ofrecer actividades alternativas segundo o grupo de que se trate, sen que isto redunde negativamente na apreensión dos contidos.
- Globalizadoras, de maneira que na maior parte delas se traballen a audición, a lectura musical, a práctica vocal, instrumental e de movemento, o debate, a creatividade... Así se pode variar o enfoque segundo a diversidade do grupo.
- Que permitan variedade de enfoques no relativo ao traballo grupal, desde as individualizadas ás de pequeno grupo e grupo clase, a realizar tanto escolar como extraescolar, de maneira que se favoreza a interacción e a cohesión grupal.
- Axustables, é dicir, que posibiliten diferentes execucións, sexan como actividades de coñecementos mínimos (para alumnado con dificultades, ou ata como actividades de recuperación) de reforzo, ou de ampliación.
- Baseadas na aprendizaxe cooperativa, e non na competitiva, de maneira que a diversidade actúe como motor, producíndose unha interacción motivadora na que o traballo de cada cal contribúa á consecución dun logro final.
- Suscitadas cunha actitude aberta e positiva por parte do profesorado, que deberá ter a capacidade de variar lixeiramente as propostas ante situacións creadas espontaneamente polo alumnado, contando coa diversidade existente en cada grupo.
- Apoiadas por materiais e recursos diversos, que contemplan os diferentes estilos de aprendizaxe.

MEDIDAS

Independentemente do deseño das actividades e a atención á diversidade como principio metodolóxico (propio do profesorado) existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder ás situacións extremas da diversidade do alumnado:

a) **Reforzo educativo:** trátase dunha medida de atención á diversidade que afecta aos elementos non prescriptivos do currículo; pódese entender como un esforzo adicional que

precisa realizar un alumno ou alumna temporalmente, incidindo nos contidos xa tratados, simultaneamente aos novos que se van impartindo.

O alumnado receptor de devandito reforzo non presenta necesidade específica de apoio educativo, senón que simplemente non superaría algún dos aspectos tratados. Segundo se marca legalmente, o reforzo pode ser realizado escolar ou extraescolarmente, e ser individual ou grupal.

No noso caso, e dadas as particularidades da materia, non se contempla a posibilidade de realizar apoios de aula e a cargo dun especialista, senón que se realizarán na aula co profesorado de música; o reforzo consistirá en:

- A realización dunha serie de traballos de consolidación dos contidos esixibles, fóra do horario escolar, a través de fichas ou tarefas supervisadas polo profesorado.
- A creación de tempos que permitan un tratamento máis individualizado nas sesións cotiás de clase, deseñando actividades de desenvolvemento para o resto da clase que permitan traballos en pequeno grupo, ou ben individuais que non esixan a atención continuada do profesorado.
- establecemento dun horario de resolución de dúbidas, de recollida, entrega e previsión de tarefas, acordado previamente (trataranse de habilitar dous recreos á semana na aula de música para este fin, así como para permitir a práctica musical do alumnado).

b) **Adaptacións curriculares non significativas:** esta medida de atención á diversidade supón a modificación dalgúns elementos non prescriptivos ou básicos do currículo; poden ser deseñadas para unha persoa, ou ben para todo o grupo. A diferenza do reforzo educativo, estas adaptacións curriculares son previas á impartición dos contidos, polo que o profesorado adiantase á aparición de problemas, previndo (dada a capacidade do seu alumnado, coñecida a través da avaliación diagnóstica) que a actuación será necesaria para esa unidade (ou unidades) concretas.

A elaboración dunha adaptación curricular non significativa prevista para este curso afectará:

- **Á metodoloxía.** En caso de considerar que é preciso, o profesorado:
 - Elaborará e entregará apuntes de apoio previos ao tema a tratar, con vistas a que o alumnado poida seguir a clase máis comodamente, sen necesidade de apuntar, favorecendo a atención ás explicacións.
 - Orientará no sentido de estudar en libros de texto concretos (aparte de apuntes de clase e do libro) a través do préstamo, ben desde a biblioteca da aula ou ben desde a do centro.
- **Ás actividades.** Nese caso, o profesorado aplicará o comentado no punto de “Actividades”, e:
 - Deseñará algunhas específicas.
 - Diminuirá o seu número, suscitando algunhas mínimas.
 - Establecerá diferentes grados de consecución.
- **Á avaliación.** En caso de consideralo preciso, a docencia:
 - Empregará ferramentas de avaliación diferenciadas do resto.
 - Eliminará as probas escritas.
 - Basearase máis na observación diaria e sistemática como instrumento de avaliación.

c) **Adaptación curricular (AC)**: para esta medida de atención á diversidade, deseñada para un membro do grupo concreto (vistas as súas carencias) modificaranse os elementos básicos do currículo: os obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Do mesmo xeito que a adaptación curricular non significativa, a AC será previa ao proceso de ensino-aprendizaxe e realizada polo profesorado que imparte clase a ese alumno ou alumna, con coñecemento do Departamento Didáctico e apoio do Departamento de Orientación. Poñerase en coñecemento da inspección as medidas tomadas. Prantéxase neste apartado a posibilidade de facer unha AC para alumnado de segundo curso da E.S.O.

En caso de levar adiante unha ACI, daráselle máis importancia aos obxectivos e contidos de carácter funcional, adaptándoos aos intereses, necesidades e capacidades do alumnado, coincidindo cos mínimos establecidos.

A elaboración dunha adaptación curricular individualizada prevista para segundo curso da E.S.O. afectará:

- **Aos obxectivos e contidos.** Neste caso, poderase:
 - Priorizar uns concretos sobre os outros.
 - Redactar dous (ou máis) conxuntamente.
 - Eliminar aqueles que non se consideren mínimos, básicos ou, ata, funcionais.
- **A avaliación.** En caso de consideralo preciso, a docencia:
 - Reducirá, en número ou en esixencia, os criterios de avaliación. En canto aos obxectivos, quedarán redactados así:
 1. Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e recursos tecnolóxicos para expresar ideas, enriquecendo as súas posibilidades de comunicación.
 2. Desenvolver e aplicar habilidades e técnicas que posibiliten a interpretación (vocal, instrumental e de movemento e danza) e a creación musical, individual e grupal.
 3. escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor e interesándose por ampliar os seus gustos musicais.
 4. Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, coñecendo a súa función e aplicando unha terminoloxía aproximada ao referirse a elas.
 5. Utilizar diversas fontes de información, medios audiovisuais, Internet, textos, partituras e outros recursos gráficos para o coñecemento e goce da música.
 6. Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución á aprendizaxe autónoma da música.
 7. Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas no centro, con respecto, interesándose polas achegas dos demais.
 8. Comprender e apreciar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes, así como a aparición da música nalgunhas producións artísticas e audiovisuais, e nos medios de comunicación.
 9. Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise dos usos sociais da música, aplicándoos con autonomía á realidade cotiá, valorando a súa contribución á vida persoal e social.

10. Valorar o silencio e o son como parte integral do medio ambiente e da música, tomando conciencia dos problemas creados pola contaminación acústica e as súas consecuencias.

No que se refire aos contidos, coincidirán cos mínimos esixibles ao alumnado coa materia pendente.

En igual sentido serán modificados os criterios de avaliación:

1. Recoñecer auditivamente e situar en coordenadas xeográfico temporais aproximadas obras musicais escoitadas no aula.
2. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfico, corporal ou verbal) os elementos e formas de organización e estruturación musical máis básicos dunha obra musical dada.
3. Comunicar aos demais xuízos persoais sobre a música escoitada.
4. Participar na interpretación en grupo dunha peza vocal, instrumental ou coreográfica, adecuando a súa interpretación á do conxunto, actuando con responsabilidade.
5. Utilizar con autonomía algún recurso tecnolóxico dispoñible, demostrando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar e reproducir música.
6. Elaborar un arranxo para unha canción ou unha peza instrumental utilizando unha serie de elementos dados.
7. Ler distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais do aula como apoio ás tarefas de interpretación e audición.
8. Identificar no ámbito cotián situacións nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizando as súas causas e propoñendo solucións.

Naturalmente, a transformación dos elementos curriculares aquí presentada considérase só de forma aproximada, dado que a súa adaptación dependerá do grado de capacidades detectado no alumnado suxeito a ACI.

Para levar adiante a ACI realizaranse as necesarias modificacións nas actividades engadindo os seguintes principios:

1. Introducir unha progresión lenta e graduada na secuencia de contidos.
2. Dotar aos contidos dun enfoque interdisciplinar e globalizador que posibilite a interrelación da maior parte das materias.
3. Considerar a existencia de agrupamentos flexibles que permitan unha atención individualizada a este alumnado.

Finalmente, destacar que estas medidas de atención á diversidade serán tamén de aplicación ao tratar ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que o precise. Non se repetirán, polo tanto, no apartado que se lles adica.

2.6.5 Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

A Programación contempla un tratamento xeral do alumnado con necesidade específica de apoio educativo xa sexa por ser alumnado con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), con incorporación tardía ao sistema educativo, alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

As necesidades deste tipo de alumnado trataranse de forma diferenciada e individualizada, dentro das lóxicas limitacións da materia:

1. Adaptando no posible os exercicios a realizar, máxime tendo en conta a importancia dos procedementos na materia de música.
2. Deseñando actividades de reforzo (en caso de non alcanzar os mínimos previstos) ou de ampliación (se logran facilmente os obxectivos propostos).
3. Suscitando actividades substitutivas ou alternativas das propostas.
4. Rebaixando os obxectivos a conseguir (e, xa que logo, os correspondentes contidos e, sobre todo, os criterios de avaliación).

2.6.5.1 Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe

Para aqueles que presenten unha importante discapacidade intelectual será preciso elaborar unha ACI coa conseguente adecuación dos elementos do currículo (ou sexa, unha reformulación dos obxectivos, co que supón de adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación). Dado o carácter procedimental da materia, non parece probable atopar dificultades insalvables no tratamento deste alumnado.

Nos casos nos que se considere que o alumnado pode alcanzar os obxectivos da materia simplemente cun apoio máis personalizado por parte da docencia, realizarase un reforzo dentro da aula (dada a composición unipersoal do departamento de música, é imposible facelo fora da aula ordinaria). As medidas a tomar especificáronse xa ao tratar a atención á diversidade (no apartado 1.5.5.3)

2.6.5.2 Alumnado con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH)

É relativamente frecuente a aparición de este trastorno nas aulas. Para facilitar o seu tratamento durante o curso ao discente propocionaránselle listas curtas de tarefas a realizar cunha determinada asignación de tempo, subdividindo así as actividades que realiza o resto do alumnado. Controlarase dun modo constante a súa realización no período fixado, a fin de centrar a súa atención e o seu esforzo. Nas primeiras semanas do curso centrarase máis no comportamento axeitado que na adquisición de contidos.

2.6.5.3 Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo

Dadas as características actuais da sociedade española prodúcense diversidade de situacións en relación a este alumnado. Os dous problemas máis destacados do tratamento deste alumnado veñen dados pola comprensión do idioma e polos costumes propios da súa cultura de orixe.

- No que se refire á comprensión do idioma, traballaranse especialmente a través das actividades de canto presentes nas unidades didácticas de todos os cursos, así como poñendo un especial interese na comprensión das explicacións de clase. No caso de que fose necesario, facilitaríanse apuntes de apoio.
- No que respecta aos costumes propios da súa cultura, terase especial coidado nas actividades que poidan estrañar ao alumnado, por non ser propias da súa cultura, e que si o son da nosa, tales como bailar mozos e mozas conxuntamente (como nas unidades relativas ao Ritmo ou ás de danza. Nestes casos, non se lles debe forzar a realizar a actividade, senón deixarlles que se integren aos poucos no grupo, bailando con persoas da

súa mesmo sexo ou favorecendo a execución de bailes grupais sobre bailes por parellas. Paulatinamente integraráselles nas actividades habituais previstas.

- Tamén se intentarán aproveitar os coñecementos destes alumnos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo, os referidos á música étnica, a presenza da música na sociedade, os instrumentos da súa zona...), que afectan a un importante número de unidades didácticas da nosa programación (como por exemplo “A música popular”, de 2º da E.S.O.)

2.6.5.4 Alumnado con altas capacidades intelectuais

No que se refire ao alumnado que posúe coñecementos musicais, aplicarase o xa explicado no punto de atención á Diversidade.

No caso dos que presentan altas capacidades intelectuais en varias materias, pero non unha específica facilidade musical, procuraráselles de forma habitual un apoio teórico a cuestións de índole procedimental, dado que a súa capacidade intelectual pediralles a xustificación de cada exercicio realizado, máxime nun curso no que os contidos procedimentais priman sobre os conceptuais.

Dado que mostran facilidade ante cuestións cognoscitivas, débeseles orientar cara á lectura musical e á audición de obras. Elaborarase un programa específico para o alumnado con maior atención a estas necesidades e faráselles participar en actividades de conxunto, tales como cantar e tocar, que favorecen a súa integración.

No momento de ter que entregar esta programación non se sabe si temos algún/algunha alumno/a con diagnosticado/a con estas características.

2.6.5.5 Alumnado con outras necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade ou ben trastornos graves de conduta.

A etapa de E.S.O. caracterízase por coincidir cunha etapa determinada polo sentido social, dominada polas relacións cos demais, a integración nun grupo, o distanciamento progresivo dos adultos (en especial dos proxenitores) e o desenvolvemento da súa propia individualidade a través da conciencia de si mesmo. Para o individuo discapacitado supón o descubrimento da súa discapacidade e a súa aceptación, polo que pode desenvolver comportamentos antisociais ou complexos de inferioridade, ou atoparse permanentemente sometido a un estado de tensión que lle leve ao esgotamento. As reaccións do individuo poden chegar a ser imprevisibles, xa que a cantidade e variedade das formas de comunicación, tanto no seu interior como co exterior, observadas polos diferentes autores que trataron estes problemas son enormes. A música pode axudarlle a asumir o seu problema, favorecendo a capacidade de expresión e de comunicación e aportando un aumento da súa autoestima co feito creativo.

As medidas concretas de actuación co alumnado con necesidades educativas especiais xa foron tratadas no punto de atención á diversidade, polo que non se repiten aquí. En función das súas particularidades, detectadas a partir da avaliación inicial ou diagnóstica, e sempre en contacto co resto de profesionais docentes a través da tutoría, supervisado polo departamento de orientación e contando co informe médico correspondente, realizarase unha programación adecuada ás posibilidades reais do alumnado discapacitado. Para iso partirá dunha avaliación diagnóstica ou inicial completa, facendo constar na ficha do alumnado afectado os datos que se consideren de interese.

En canto aos que presentan trastornos de conduta, pode ser conveniente partir da realización de actividades específicas, coidando que non sexan excitantes nos casos de hiperactivos/as. Manterase un clima afectivo adecuado no aula, favorecendo a integración do alumnado. No caso de que sexa preciso, considerarase a oportunidade de realizar reforzo ou unha adaptación curricular non significativa, modificando os elementos metodolóxicos precisos, especialmente no caso dos agrupamentos, e a atención personalizada. Para atender ao alumnado con estas características deseñaranse actividades para o resto que non precisen da atención do profesorado (fichas, composición, etc.).

Máis complexo resulta describir actuacións concretas co alumnado que presenta discapacidade física, dados os casos posibles existentes, dado que no momento de entregar esta programación non se dispón aínda de datos sobre o alumnado dos diferentes cursos. Este tipo de alumnado pode precisar unha adaptación dos recursos materiais, tales como baquetas e instrumentos (extensores, suxeición no caso de agnesias ou malformacións, discapacidades motoras nas articulacións superiores, falta de control muscular...), asentos (necesidade de cadeira de rodas), así como de ubicación e colocación do aula (como no caso dunha discapacidade de índole visual).

Tomando como punto de partida os Bloques de Contido, atopamos unha serie de barreiras na educación das persoas discapacitadas físicas. Os puntos afectados poden ser a coordinación óculo-manual, a relación entre a mente e o movemento, a posibilidade de movemento con e sen desprazamento, a apreciación do son, a apreciación da escritura musical e o control da voz. Xa que logo, tomaranse as medidas oportunas para solventar estes problemas, dependendo tanto da discapacidade como do carácter da unidade didáctica tratada.

2.6.6 Material e recursos didácticos empregados

O departamento non puxo libro de texto en ningún dos niveis impartidos. Proporcionaráselle os correspondentes apuntamentos de cada tema elaborados pola docencia así como as fichas de traballo que debe cumprimentar. Ademais todo alumnado de música deberá levar á clase unha fruta doce de dixitación alemá, un caderno para tomar apuntamentos e outro de papel pautado si así o require o profesorado. Será obrigatorio traer o material á clase, a súa ausencia constituirá unha falta de material, e a partir de tantas faltas como número de sesións semanais poderáselle descontar ao alumnado 0,5 puntos da nota final da pertinente avaliación.

Os recursos didácticos empregados nas clases de música son os seguintes:

- Apuntamentos, proporcionados pola docencia. Serán o máis claros e precisos posibles e incluirán preguntas que obriguen ao alumnado a reflexionar sobre o que acaba de estudar. Entregaranse ao principio de cada tema e os discentes deberán traelos sempre á clase. A súa ausencia constituirá unha falta de material que será rexistrada así no caderno do profesor.
- Instrumental da aula, tanto Orff como batería, guitarras, teclados e baixo eléctrico. A súa utilización deberá realizarse dun modo responsable, coidando a correcta colocación unha vez rematada a sesión de clase.
- Proxección de material audiovisual, tanto en forma de presentacións de Power Point como de vídeos e/ou animacións que sirvan para ilustrar os conceptos estudados na aula. Incentivarase a aportación por parte do alumnado de este tipo de información, así como a súa elaboración.

- Arquivos de audio, con vistas a ilustrar conceptos estudados na aula. Buscarase o silencio na escoita con vistas a fomentar este hábito nos discentes.
- Diferentes tipos de textos que axuden a comprender o feito musical. Procurarase que sexa variado, dende fragmentos de libros ata artigos de prensa ou material buscado na rede. Tratarase tamén neste caso de fomentar a súa busca por parte do alumnado.
- Partituras e musicogramas, que o profesor proxectará cun canón de vídeo ou ben proporcionará ao alumnado para interpretar na clase. Neste caso é imprescindible traer as partituras á clase, a súa ausencia constituirá unha falta de material que será rexistrada así no caderno do profesor.

2.7 Temporalización:

Detállanse a continuación as Unidades Didácticas que se van a realizar, a súa situación aproximada ao longo do tempo e o número de sesións que se lle vai a dedicar a cada unha. Esta periodización debe ser vista cun alto grao de flexibilidade, xa que se tratará en todo momento de adaptala ás necesidades de cada un dos grupos, que de seguro serán diversas. Por outra banda hai que ter presente que se dedicarán sesións á preparación do repertorio a interpretar no festival de fin de curso, e aínda que serán pezas que se traballen na aula dentro das distintas unidades didácticas, requirirán unha atención especial ao estar pensadas para unha interpretación en directo. Será necesario ter en conta ademais que no segundo trimestre tense proxectado dedicar varias semanas á execución de danzas populares e históricas. Aínda que cada unha destas danzas se podería realizar na unidade correspondente, por comodidade para a distribución do espazo (apartarase cara a parede as cadeiras durante varias semanas para tódalas clases) e de tempo, o departamento de música decidiu realizalas todas xuntas nas datas citadas.

		2º da ESO.	
1ª AVALIACIÓN			sesións
Os parámetros do son			11
Representación gráfica da música			15
2ª AVALIACIÓN			sesións
A música tradicional galega			11
Clasificación dos instrumentos			10
3ª AVALIACIÓN			sesións
A voz			6
A canción			6
A melodía			6
		3º da ESO.	
1ª AVALIACIÓN			Sesións
A música medieval			9
O Renacemento			6
O Barroco			8

2ª AVALIACIÓN	Sesiós
O Clasicismo	8
O Romanticismo	12
3ª AVALIACIÓN	Sesiós
O Século XX	10
Música e medios	7

4º da ESO

1ª AVALIACIÓN	Sesiós
A música cotiá. O folklore.	6
A música popular urbana.	8
Informática musical.	6
Tocamos	18
2ª AVALIACIÓN	Sesiós
Músicas do mundo	7
Tocamos	18
Música e medios. A Banda Sonora.	6
3ª AVALIACIÓN	Sesiós
Tocamos	18
A gravación dun proxecto	7

2.8 Orientacións didácticas e elementos transversais traballados en cada curso.

2.8.1 Educación en valores

Os contidos da presente programación son abordados dende os procedementos ata os conceptos, con gran atención ás actitudes, tal e como corresponde á un área eminentemente práctica. Por esta razón, e polo que supón de educación do espírito e do intelecto, os temas transversais son sumamente sinxelos de abordar en relación ao resto de contidos da área. En cada caso detállase como se trata cada contido nos correspondentes cursos.

Educación ambiental

A educación ambiental é tratada a través do interese despertado polo estudo da contaminación sonora, o nivel de ruídos no entorno, o coidado pola produción excesiva de son por parte do propio alumnado e a atención o silencio como marco imprescindible na execución musical. Neste sentido incidirase en todos os cursos, pero especialmente en 2º da E.S.O., grazas ao traballo na contaminación acústica.

En menor medida, á apreciación da natureza é posible a partir da audición de obras musicais que a toman como temática, a través da imitación dos sons presentes nela (como os animais, fenómenos atmosféricos...). Este tema compete especialmente ao curso de 3º da E.S.O., pois é unha temática tratada con frecuencia por compositores de todas as épocas.

Educación para a saúde

A práctica musical realízase corporalmente, polo que con leva a apreciación do corpo e das súas posibilidades de movemento global e segmentario, de expresión e de comunicación consigo mesmo e cos demais.

A través do movemento obtense unha posición e un ton muscular correcto, co engadido dunha completa osixenación que favorece o crecemento e desenvolvemento corporal, axudando na procura dunha imaxe máis adecuada de si mesmos. O coñecemento do propio corpo debe implica-la interiorización e automatización dos movementos, sexan estes ben de tipo exploratorio con desprazamento asociado, ben expresivo comunicativos, funcionais ou artísticos, así como dos procesos respiratorios e de percepción espacial e espazo temporal implicados neles. Este traballo será realizado en todos os cursos, tanto na E.S.O. como no Bacharelato.

O coñecemento da voz, e dos cambios que se producen nela ao longo da etapa secundaria obrigatoria, é fundamental á hora de considerar a hixiene vocal, e incide na educación ambiental ao non producir con sons innecesarios, un exceso de ruído no entorno. Promove ademais unha consideración por adoptar hábitos de vida máis saudables, evitando vicios que afecten ao aparato respiratorio, e tentando conseguir unha forma física axeitada. O tema da muda da voz, trátase con maior profundidade en 2º da E.S.O., onde ademais se comeza a traballar a hixiene vocal, traballo que continuará en todos os cursos.

A práctica instrumental axuda na consecución dunha posición e un ton muscular equilibrado. O coñecemento corporal logrado implica a interiorización e automatización dos procesos mecánicos implicados no movemento e que relacionan a súa execución coa audición interior ou ben coa lectura musical directa da obra. No caso de que se realice coa frauta engade ao dito o relativo á osixenación, xa comentado ao tratar a voz adecuada osixenación. Igual que nos casos anteriores, este traballo se realizará en todos os cursos.

Por último, convén lembrar que a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, incide positivamente no equilibrio persoal e anímico nas persoas, tanto dende o punto de vista do oínte como do intérprete ou de creador.

Por outra parte, a través do estudio da anatomía e fisioloxía do oído pódese incidir na necesidade de adoptar unhas condutas determinadas en cuanto á hixiene e coidado dos órganos da audición. Así mesmo, o coñecemento do aparato auditivo axuda a concienciar ao alumnado da conveniencia de evitar a produción e exposición prolongada a un exceso de ruído, debido ás perdas de audición e incluso xordeira que se poden cegar a ocasionar, como consecuencia desta conduta tan frecuente na adolescencia. Este tema compete especialmente ao currículo de 2º da E.S.O.

Educación para a igualdade entre os sexos

A educación a partir da música non está, inicialmente, ligada ao sexo, xa que todos poden expresarse por igual a través dela. Sen embargo, as actividades musicais previstas poden servir como demostración das diferencias e similitudes existentes entre os dous sexos, e como mostra da necesidade da súa complementariedade.

Os exercicios e xogos en relación ao movemento e a danza estiveron tradicionalmente máis enfocados cara as nenas por motivos puramente sociais e culturais. A programación incide na realización de bailes de grupo nun primeiro momento, debido á situación corporal experimentada polos adolescentes (2º da E.S.O.), para pasar rapidamente á execución de exercicios por parellas mixtas, que poden ser fixas ou ben con cambio de parella, ademais dos bailes de grupo (resto dos cursos).

Dende o punto de vista da práctica vocal, a complementariedade e necesidade dos dous sexos é evidente á hora de cantar a voces mixtas. A maior parte do repertorio vocal dos períodos da historia da música foi pensada para formacións vocais de homes e mulleres; ademais, nos casos en que as obras foran ideadas para coros de voces iguais, é posible conxuntar só ás persoas do sexo implicado.

Finalmente, toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de reparto de traballos e respecto mutuo ós demais integrantes da clase, independentemente do sexo á que pertencen.

Todos estes aspectos traballaranse por igual en todos os cursos, tanto na E.S.O., como no Bacharelato.

Educación para a paz e a tolerancia

A Educación para a paz e a tolerancia mantén unha presenza máis que constante na secuencia, a través dun tratamento dobre: por un lado, cara as persoas do entorno inmediato; por outro, ás diferentes culturas presentes no mundo, a partir da práctica ou da audición de obras folclóricas.

A aceptación das regras dos xogos, pasos da danza ou da coreografía, das regras de actuación, a ubicación no plano sonoro axeitado, a atención ós demais na práctica vocal, instrumental e de movemento... implica un acatamento das normas, imprescindible á hora de considerar o desenvolvemento social do individuo, especialmente polo que á interacción cos outros elementos do grupo se refire.

A comprensión das diferentes culturas ven propiciada pola audición, práctica vocal e instrumental, así como pola execución de danzas folclóricas das diferentes etnias mundiais. Este coñecemento proporciona os criterios necesarios para poder diferenciar as características da cultura propia das outras, promovendo a valoración do seu patrimonio cultural, e máis concretamente musical, polo que supón de propio. Todos estes temas son tratados en todos os cursos.

Educación para o ocio

Debido ao aumento do tempo libre se fai necesario inculcar no alumnado o sentido do ocio, do aproveitamento do seu tempo, a través de actividades lúdico musicais extraescolares.

As diferentes ofertas en relación á danza existente, sexa folclórica ou de salón, favorece no alumnado o desenvolvemento persoal, tanto físico como espiritual, entendendo este último como un crecemento da sensibilidade, a cultura e o sentir estético. Neste apartado, e en relación á valoración do patrimonio cultural xa expresado, se incide na programación na execución de bailes da nosa comunidade autónoma.

Outra actividade de ocupación do tempo libre pasa pola práctica musical, ben de tipo vocal ou instrumental. Debido á idade dos rapaces e rapazas, a súa preferencia decántase pola práctica instrumental, e resulta frecuente que compatibilicen os seus estudos obrigatorios coa aprendizaxe dun instrumento musical, en centros especializados diversos (academias, escolas de música, conservatorios e centros autorizados). En moitos casos trátase dunha ocupación momentánea, a montaxe de grupos musicais que interpretan estilos máis cercanos ós seus intereses como adolescentes e consumidores.

Estes aspectos son tratados por igual en todos os cursos.

Educación do consumidor

O consumo da música é algo habitual entre os e as adolescentes, máxime ao estar influenciados pola mensaxe publicitaria e a moda. Por elo é conveniente desenvolver neles unha actitude crítica ante o fenómeno musical, especialmente ante a proliferación de “estrelas” (solistas ou grupos) cuxo único mérito consiste nunha completa e orquestrada campaña publicitaria, exenta de todo tipo de criterios musicais. O sentido crítico debe estar presente para evitar caer nun consumo excesivo e inxustificado, máxime cando se trata de obras non pertencentes ao repertorio que lles é propio.

O tratamento deste tema transversal realizarase nunha primeira fase aumentando a consideración persoal cara a súa propia música e costumes, propiciando o aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música, preferentemente, e debido á súa idade, de pop ou rock con influencias folclóricas (principalmente no que se refire ao idiomático e instrumental), ou ben de outros tipos de música folk ou xuvenil. E en segundo lugar, comprendendo a beleza das outras culturas por proxección da propia, no sentido do respecto ás unidades maiores dende países máis pequenos, é dicir, dende a súa parroquia ou aldea (na orde pobo, comarca, provincia, comunidade, estado, comunidade europea) ata outros países máis alonxados na distancia, e polo tanto, nas súas manifestacións, pero nin máis nin menos ricas cás propias.

Este tema trátase fundamentalmente a partir de terceiro da E.S.O. Neste curso tanto a través do coñecementos de diferentes correntes estilísticas ao longo da historia da música como ao inicio na análise en profundidade de obras concretas e a súa valoración crítica. En cuarto e en primeiro e bacharelato abórdase mediante o estudo de diferentes correntes da chamada música popular urbana e tamén da relación da música coa imaxe e coa publicidade.

Educación vial

Trátase do tema transversal máis complexo de tratar en relación ós contidos da área, xa que os demais están directamente relacionados con eles, e este só pode ser traballado especificamente, a través de cancións, actividades alusivas, etc.

Educación moral e cívica

A área de música posúe un destacado compoñente de contidos actitudinais baseados no respecto ás normas, ós demais, ao material da aula... reflectidos na secuencia. Por outra parte, a música, ao longo do tempo, amosou a súa relación coa sociedade, polo que a educación cívica a través dela apareceu como constante en tódalas épocas. Deste xeito traballarase en todos os cursos da materia.

2.8.2 As Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) e o hábito de lectura: contribución ao plan TIC e ao plan lector.

Ademais da educación en valores, trataranse as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) e o hábito de lectura e de expresarse correctamente.

A utilización das TIC é fundamental durante a E.S.O., tal e como se aprecia ao examinar a súa presenza en todos os cursos da E.S.O. a través do cuarto bloque de contidos “Música e tecnoloxías”. A utilización da informática musical e da Internet estará presente en moitas das unidades didácticas expostas. En segundo da E.S.O. na unidade didáctica “A Harmonía (I)” na que o alumnado deberá utilizar un editor de partituras para transcribir as súas propias

produccións, sobre todo en cuarto curso, onde o alumnado ten en xeral os coñecementos necesarios (a través doutras materias e pola súa propia bagaxe persoal) para aplicar a informática á música, e ademais sêrvelle de motivación de cara ao desenvolvemento dos contidos.

A utilización de diferentes fontes de información trátase en moitas das unidades de todos os cursos a través da realización de traballos de investigación así como busca e lectura de noticias de prensa relacionadas co mundo sonoro.

O fomento da lectura e contribución do plan lector parece sinxelo de tratar se consideramos a existencia de obxectivos xerais que din: “Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente”, e “Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información medios audiovisuais, Internet, textos, partituras e outros recursos gráficos para o coñecemento e goce da música”. Neste sentido farase necesario tratar como recurso habitual a lectura comprensiva, o comentario de texto literario musical, o debate en grupo, a expresión de opinións tanto en voz alta como por escrito, a análise de obras a partir da súa audición, etc.

O profesorado recomendará a lectura de obras relacionadas cos períodos da historia da música traballados na aula. Así mesmo, promoverase a lectura de libretos e poemas relacionados coas obras vocais ou programáticas traballadas na aula.

Na aula de música realizaranse lecturas comprensivas de diferentes textos relacionados coa materia impartida, como artigos de prensa, fragmentos de libros, información extraída da Internet, letras de cancións, etc. O alumnado deberá responder a preguntas concretas sobre este material, que lle faciliten ademais a comprensión dos textos lidos e permitan comprobar á docencia o seu nivel de comprensión. Procurarase que este material sexa o máis atractivo posible para o alumnado, con vistas a incentivar a súa propia busca de lecturas que lle resulten de interese.

2.9 A avaliación

En todo proceso de ensinanza-aprendizaxe intencional é imprescindible valorar si se lograron as aprendizaxes previstas. Posto que á pregunta de que avaliar constestouse xa no correspondente apartado referente ós obxectivos e criterios de avaliación para cada nivel educativo, neste epígrafe inclúense unicamente as consideracións necesarias a como e cando avaliar aos alumnos, considerando que a avaliación debe cumprir, basicamente, dúas funcións:

- Debe permitir axustar a axuda pedagóxica ás características individuais dos alumnos e das alumnas mediante aproximacións sucesivas.
- Debe permitir determinar o grao en que se conseguiron as intencións do Deseño Curricular.

2.9.1 Avaliación inicial, formativa e sumativa

- **A avaliación inicial:** para coñecer o estado de partida dos/das alumnos/as no momento de empezar un proceso de ensinanza-aprendizaxe. Permítenos coñecer e considerar tanto o nivel de desenvolvemento como os coñecementos específicos que ten o alumnado, establecer cal é a zona de intervención da ensinanza e facer que os alumnos e as alumnas activen os seus esquemas de coñecemento a propósito do tema que van desenvolver. Sen esta avaliación inicial é imposible avaliar posteriormente con rigor ós alumnos/as. Os coñecementos que

obteñamos con ela permitirannos orientar o proceso a seguir e adecualo ós alumnos/as que o requiran.

Para levala a cabo utilizarase tanto a entrevista persoal, como probas escritas sobre os coñecementos conceptuais, así como a observación durante os primeiros días de clase das súas capacidades á hora de realizar interpretacións instrumentais, vocais e de movemento. Igualmente, antes de abordar o desenvolvemento de cada Unidade Didáctica realizaranse actividades do tipo de “Tormenta de ideas” para poder avaliar os coñecementos que o alumno xa posúe en relación ao tema a tratar ou ben de unha avaliación inicial escrita. Os procedementos para realizar esta avaliación resúmense nos seguintes puntos:

- Proba inicial que constan dun cuestionario de preguntas nas que se avalían os contidos sobre todo de linguaxe musical que posúe o alumnado.
- Observación diaria do alumnado, con preguntas de clase, realización de tarefas na casa e probas de interpretación en pequeno grupo. Os resultados de esta observación serán anotados no caderno do profesor.
- En cada unidade didáctica aparecen diferenciadas as actividades de coñecementos previos que se realizarán antes de abordar os contidos propios do tema.

As medidas a tomar en clase como resultado desta avaliación inicial detállanse no punto 2.6.4 de Atención á diversidade e 2.6.5 de Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- **A avaliación formativa:** proporcionará durante o desenvolvemento do proceso a información que nos permitirá, tanto ao profesor como ós alumnos, realizar os axustes que sexan necesarios no decurso do mesmo.
- **A avaliación sumativa (ou terminal):** para medir os resultados da aprendizaxe, ao remate do proceso, e comprobar se os alumnos e alumnas acadaron o nivel esixido. Esta avaliación terá como finalidade non só determinar o grao de éxito ou fracaso dos alumnos, senón de éxito ou fracaso do conxunto do proceso educativo.

2.9.2 Procedementos de avaliación

Centrándonos agora en “cómo” avaliar, é necesario puntualizar en primeiro lugar que os procedementos de avaliación a utilizar durante o curso deberán ser coñecidos por todos os integrantes do proceso avaliativo. Evitarán caer en modelos centrados exclusivamente na valoración do coñecemento conceptual dos alumnos e na determinación de cualificacións estritamente cuantitativas. Por iso combinaranse probas de carácter obxectivo con outras estratexias que permitan avaliar de forma cualitativa a funcionalidade das aprendizaxes. Por outra parte, ademais de accións encamiñadas a avaliar o proceso de aprendizaxe dos alumnos (avaliación inicial, observación directa do traballo, avaliación dos resultados da aprendizaxe), a avaliación formativa incluírá tamén a nosa labor como docentes para poder analizar a nosa propia intervención e tomar decisións ao respecto.

Os procedementos para realizar a avaliación do alumnado serán os seguintes agrupados por categorías. Ao final de cada trimestre farase unha media das notas obtidas para cada tipo de contidos. Deben de ter unha media igual ou superior a un 4 en cada un dos apartados para poder realizar a media. De non ser así, a avaliación estará suspensa. Utilizaranse como procedementos de avaliación os seguintes:

1. Probas orais e/ou escritas nas que se demostren os coñecementos do alumnado. Será necesario obter en cada unha de elas unha nota mínima de 4 para facer media co resto das

calificacións obtidas. Se un alumno copia os seus resultados nunha proba ou exercicio avaliabile polos de un compañeiros, estará automaticamente suspenso na avaliación correspondente e terá que facer a pertinente recuperación.

Neste tipo de probas terase en conta a correcta grafía empregada polo alumnado, de forma que por outro lado, e tendo en conta o acordo tomado no claustro sobre esta competencia, farase un especial fincapé en na corrección de faltas de ortografía. En 2º da E.S.O. farase unha valoración positiva da ausencia de faltas ortográficas, que suporá 0,5 puntos en cada proba escrita que faga o alumno. En 3º e 4º de ESO valoraranse en negativo as faltas de ortografía, entre 0,5 e 1 punto en cada proba escrita que faga o alumno, segundo o número de faltas. Máis de 10 faltas de ortografía suporá 1 punto menos na nota do exame.

2.Cadernos do/a alumno/a, como libretas de exercicios ou apuntes, que proporcionan ademais información sobre a formación xeneral do alumnado, a súa capacidade de expresión escrita, vocabulario, etc. Coidarase tamén neste sentido o coidado e presentación da libreta e a puntual realización dos deberes que pida a docencia.

3.Gravacións en audio, vídeo, e/ou soporte informático, o que nos permitirá visualizar as actividades de execución vocal e/o instrumental, ou de danza de forma detallada. Este procedemento utilizarase despois de montar cada obra, con vistas a que os alumnos teñan unha visión clara do seu nivel interpretativo e sexan capaz de facer unha coavaliación do resultado. De esta forma se pretende potenciar o desenrolo do seu espírito crítico.

4.Comentarios de audición: nos que o alumnado reflicte se é quen de recoñecer nunha obra musical os conceptos musicais aprendidos na clase. Tamén nos sirve para comprobar se son capaces de situar unha obra musical nun contexto histórico/artístico. Apórtanos, polo tanto, unha importante información sobre a súa capacidade de comprensión e relación, así como da súa competencia lingüística.

5.Exames de interpretación (sexa con frauta ou outros instrumentos empregados na aula), nos que será preciso obter unha nota mínima de 5 para poder facer media co resto das cualificacións. De non ser así o alumnado suspenderá a correspondente avaliación.

6.Debates, comentando en voz alta o sentido do traballo realizado, ou discutindo e comentando distintos aspectos das actividades realizadas na clase. A non participación ou a falta de respecto aos outros discentes ou á docencia suporá un suspenso na materia na avaliación na que ocorra o incidente.

7.A observación sistemática, diaria e directa, dará lugar a numerosas notas de clase. A observación dunha actitude inapropiada e/ou irrespetuosa, tanto nas actuacións propias (sexan interpretando vocal e/ou instrumentalmente, expoñendo un traballo, danzando ou calquera outra actividade realizada na materia) como na dos compañeiros/as, dará lugar á que o alumno/a non supere esta proba nin a correspondente avaliación, podendo ser motivo de non superar a materia en xuño. A puntualidade do alumnado será imprescindible para superar a materia. Un número de faltas de puntualidade non xustificada igual ao número de sesións da materia por semana suporá restar 0,5 puntos á cualificación final da avaliación correspondente de cada vez.

A falta do material que se cita no correspondente apartado suporá unha falta de material, que como tal será anotada no caderno do profesor. Ter tantas faltas de material como sesións lectivas por semana poderá supor a perda dun 0,5 da nota final da avaliación.

8.Realización de traballos de investigación e monográficos sobre algún dos temas tratados nas Unidades Didácticas correspondentes a cada uno dos trimestres ou ben de análise de obras, secuencias cinematográficas, anuncios publicitarios, etc. Tras a elaboración do traballo o alumnado terá que expor publicamente os resultados obtidos por

el. Ter superada a avaliación de cada un destes traballos (nota mínima de 5 sobre 10) é moi importante para superar o correspondente trimestre e o curso e computará dentro do apartado de contidos de tipo procedimental. A exposición valorarase como un 50% da nota.

9.Elaboración de **traballos con programas informáticos específicos** da materia ou do mundo audiovisual que se realizarán dentro do posible no horario de clase. A realización dos traballos propostos é obrigatoria e a súa non execución suporá o suspenso na materia. Será preciso unha cualificación mínima de 4 para poder facer media co resto das cualificacións da materia.

10.Realización de **exercicios de clase**, comentarios de texto, etc. que o alumnado realizará na libreta de clase.

2.9.3 Instrumentos de avaliación na E.S.O.

Instrumentos de avaliación: tal e como se desprende da relación de procedementos empregados para a avaliación na E.S.O., son os seguintes:

- Observación e rexistro do profesorado.
- Caderno de clase do alumnado.
- Gravacións en audio e/ou soporte informático.
- Fichas entregadas pola docencia.
- Observación sistemática, diaria e directa das actividades de clase.
- Probas escritas e/ou orais.
- Traballos de investigación e monográficos sobre algún dos temas tratados nas Unidades Didácticas correspondentes a cada un dos trimestres.

2.10 Peso de cada procedemento de avaliación

De todos os procedementos citados para a avaliación, obterase o conxunto de datos que se utilizarán para reorientar o proceso de ensinanza aprendizaxe, corrixindo aqueles aspectos nos que a avaliación permitira detectar desaxustes. O proceso de avaliación terá un carácter continuo e desenvolverase paralelamente ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Para obter as cualificacións medias de cada trimestre seguiranse as proporcións indicadas no apartado “Peso dos contidos”. A non realización de algún dos procedementos citados nos apartados anteriores (traballos de investigación, comentarios de audición...) suporá o suspenso na materia na avaliación na que aconteza. A avaliación final do curso obterase a partir da media aritmética das notas de todas as avaliacións. De ter suspensa algunha das avaliacións, realizarase unha recuperación de todos os contidos da/s avaliacións pendentes.

Se o alumno/a non alcanzou as competencias suficientes para ter unha cualificación positiva nun trimestre, durante o seguinte terá dereito a facer unha recuperación dos contidos suspensos. A cualificación da proba escrita substituirá a valoración das realizadas durante o trimestre. A valoración do traballo do alumnado, tanto traballo do alumno/a na casa como na clase, a actitude ante a asignatura, a participación na clase, o comportamento do alumno/a... do trimestre actual substituirá á valoración do anterior.

Para realizar as medias coas que se obterán as cualificacións de cada alumno/a en cada avaliación utilizarase a seguinte valoración porcentual dos procedementos de avaliación.

Indícanse entre parénteses os números correspondentes aos procedementos numerados con anterioridade:

CURSO	Probas escritas/ traballos... (1, 4, 8, 9)	Interpretación musical/danza (3, 5)	Actividades escritas/observación (2, 6, 7, 10)	Comportamento, asistencia, actitude (7)
2º E.S.O.	30%	40%	10%	20%
3º E.S.O.	40%	30%	10%	20%
4º E.S.O.	20%	50%	10%	20%

2.11 Atención a pendentas

Faise necesario establecer o procedemento a seguir para o tratamento e avaliación da materia. Considérase bastante difícil establecer unha hora semanal para abordar os contidos; por esta razón, a atención ao alumnado coa materia pendente levarase a cabo nos recreos. Analízase a continuación o tratamento da materia pendente nos distintos cursos.

Na atención a alumnado coa materia de Música pendente seguiranse as seguintes pautas de forma xeral:

- Establecerase un plan de traballo ao principio de curso, no que se informará ao alumnado das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas.
- Ademais, neste plan de traballo faranse constar os contidos mínimos esixibles, así como os criterios de avaliación.
- Para o seguimento do alumnado aplicarase, sempre que sexa posible, a avaliación continua, de forma que poda superar a materia pendente sen ter que chegar a realizar probas específicas. En todo caso comunicaráse ao alumnado periodicamente da súa evolución.

O profesor que imparte clase ós alumnos con pendentas abordará os contidos esixibles para a materia pendente dende os que se imparten no curso no que se atopa, procurando facelo de forma procedimental. Dunha lectura atenta da programación do curso anterior así como do seu currículo, despréndese que é posible facelo así para a maioría dos contidos pendentas, pois forman parte dos coñecementos previos que se precisan para abordar os propios do curso que están realizando.

A continuación faise unha relación dos contidos mínimos esixibles para cada curso, por bloques de contidos e especificase como van a ser tratados e avaliados. Así mesmo, inclúense os criterios de avaliación que se van a utilizar para a superación das materias pendentas, e tamén os instrumentos e procedementos de avaliación.

2.11.1 Contidos mínimos esixibles 2º ESO.

- Recoñecer os elementos básicos da linguaxe musical.
- Elaborar e recrear ideas musicais mediante o uso da voz e dos instrumentos.
- Analizar, de forma básica, obras musicais.
- Aprender a utilizar diversas fontes de información para o disfrute e apreciación musical.
- Adquirir o vocabulario que permita explicar de forma oral e escrita os procesos musicais coñecidos, e comunica-las propias valoracións.
- Fomenta-la audición activa e consciente de obras musicais como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal con vistas a favorece-la ampliación e diversificación dos seus gustos musicais.
- Participar en actividades musicais con actitude aberta, interesada e respectuosa.
- Coñecer algunhas manifestacións musicais da historia, con vistas a crear un repertorio básico e significativo.

Comentario: o profesorado que imparte clase a este alumnado abordará os contidos esixibles para a materia desde os que se imparten en terceiro (ou cuarto, de ser o caso), procurando facelo de forma procedimental. Dado que os bloques de contido de segundo e terceiro curso da E.S.O. son comúns, non resulta complexo e pódese realizar unha avaliación continua. Aínda que esta formulación parece a idónea, presenta o inconveniente de que ao non ter probas de avaliación o alumnado non sabe se vai superando ou non os contidos do curso anterior. Por iso, o profesorado informará como mínimo antes de finalizar cada trimestre ao alumnado de se está ou non superando a materia do curso anterior, cales son as súas carencias, e como solventalas. De ser necesario realizaranse probas escritas ao final de cada trimestre e/ou o alumnado entregará traballos relacionados cos contidos do curso anterior. Os contidos esixibles ao alumnado figuran no correspondente apartado de “Contidos mínimos”.

2.11.1.1. Avaliación.

En función de como se trataron os contidos da materia pendente, o sistema de avaliación utilizará procedementos diferentes, o que non exclúe que poidan ser complementarios. Así, para aqueles contidos que se retomaron en cursos posteriores da E.S.O. empregaranse como instrumentos de avaliación os seguintes:

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- **Observación sistemática**, diaria e directa: o profesorado insistirá especialmente nos contidos mencionados en aqueles alumnos que teñan a materia pendente, mediante preguntas de clase, realización de exercicios, traballos, etc.
- **Realización de traballos de investigación:** no caso de que se vexa a necesidade de insistir nalgún contido determinado, como pode ser o caso dos instrumentos e o estudo da voz humana.

Tamén se considera a posibilidade de utilizar este procedemento para que o alumnado interiorice contidos que non foron retomados en cursos posteriores.

- **Cuestionarios de preguntas concretas** ou preguntas de opinión do alumnado. Insistirase mediante este procedemento naqueles contidos relacionados cos que ten pendentes.
- **Realización de probas individuais:** por lei, é necesario facer probas finais de avaliación, en xuño e setembro, antes dos exames ordinarios. Sen embargo, realizaranse tamén probas antes

das datas de cada avaliación con aqueles contidos que o alumnado non superou en cada trimestre.

- **Realización de fichas** relacionadas, sobre todo, con aqueles contidos de segundo curso que non se volven a tocar con posterioridade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación para este alumnado parten dos mínimos establecidos no currículo.

1. Recoñecer auditivamente distintas obras musicais escoitadas previamente na aula.
2. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.
3. Comunicar aos demais xuízos persoais acerca da música escoitada, empregando un vocabulario adecuado.
4. Participar na interpretación en grupo de pezas vocais, instrumentais e coreográficas de diversa índole, adecuando a propia interpretación á do conxunto e asumindo distintos roles, participando con desinhibición e corrección na interpretación colectiva.
5. Utilizar, con autonomía, algúns dos recursos tecnolóxicos dispoñibles e ao seu alcance.
6. Ler distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais do aula como apoio ás tarefas de interpretación e audición.
7. Identificar no ámbito cotián situacións nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizando as súas causas e propoñendo solucións.

2.11.2. Contidos mínimos esixibles 3º ESO

- Recoñecer elementos básicos da linguaxe musical que permitan a súa análise e interpretación.
- Adquirir-las capacidades necesarias para poder elaborar e recrear ideas musicais mediante o uso da voz, dos instrumentos, e do movemento, co fin de enriquece-las súas posibilidades de expresión.
- Desenvolve-la capacidade de análise de obras musicais como exemplo da creación artística e do patrimonio cultural, comprendendo o seu uso social e as súas intencións expresivas.
- Aprender a utilizar diversas fontes de información para o coñecemento, disfrute e apreciación musical.
- Adquirir-lo vocabulario que permita explicar de forma oral e escrita os procesos musicais e establecer valoracións propias.
- Fomenta-la audición activa e consciente de obras musicais como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal, con vistas a favorece-la ampliación e diversificación dos seus gustos musicais.
- Participar en actividades musicais, tanto dentro como fora da aula, individual e grupalmente, con actitude aberta, interesada e respectuosa.

- Coñece-las diferentes manifestacións musicais a través da historia e a súa significación no ámbito artístico e sociocultural.

2.11.2.1. Avaliación.

En función de que o alumnado estea a cursar ou non a Materia de Música como optativa de cuarto curso da E.S.O. o sistema de avaliación utilizará procedementos diferentes, o que non exclúe que poidan ser complementarios.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- **Observación sistemática**, diaria e directa: o profesorado insistirá especialmente nos contidos mencionados naqueles alumnos que teñan a materia pendente, mediante preguntas de clase, realización de exercicios, traballos, etc. (só para alumnado que curse a “Música en cuarto da E.S.O.)
- **Realización de traballos de investigación**: realizaranse no caso de que se vexa a necesidade de insistir nalgún contido determinado (para todo o alumnado).

Tamén se considera a posibilidade de utilizar este procedemento para que o alumnado interiorice contidos que non foron retomados en cursos posteriores (para todo o alumnado).

- **Cuestionarios de preguntas concretas** ou preguntas de opinión do alumnado. Insistirase mediante este procedemento naqueles contidos relacionados cos que ten pendentes. (só para alumnado que curse a “Música en cuarto da E.S.O.)
- **Realización de probas individuais**: por lei, é necesario facer probas finais de avaliación, en xuño e setembro, antes dos exames ordinarios. Sen embargo, realizaranse tamén probas antes das datas de cada avaliación con aqueles contidos que o alumnado non superou en cada trimestre (para todo o alumnado).
- **Realización de fichas** relacionadas, sobre todo, con aqueles contidos de segundo curso que non se volven a tocar con posterioridade (para todo o alumnado).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Os criterios de avaliación para este alumnado parten dos mínimos establecidos no currículo.

1. Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical a que pertencen distintas pezas escoitadas con anterioridade na aula.
2. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula.
3. Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula.
4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical.
5. Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento.
6. Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical.
7. Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical.

3. Avaliación da programación

A avaliación da programación realizarase de forma continua ao longo de todo o curso, considerando sempre a súa flexibilidade, de forma que se poidan realizar os axustes precisos. As dificultades atopadas no cumprimento da programación serán relacionadas de forma pormenorizada nas actas do departamento de música, e a nivel xeral na memoria de fin de curso que o departamento de Música presenta ao finalizar o curso ante a dirección do centro.

Para coñecer o grado de cumprimento da programación anual plantéxanse os seguintes criterios de avaliación:

CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

En reunións de carácter trimestral realizarase un seguimento da programación didáctica por parte do departamento.

Ao finalizar o curso farase unha análise dos resultados e discutiránse os posibles cambios na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os puntos do cadro seguinte:

ASPECTOS AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...
Temporalización das unidades didácticas		
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos		
Manexo dos contidos da unidade		
Realización de tarefas		
Estratexias metodolóxicas seleccionadas		
Recursos		
Claridade nos criterios de avaliación		
Uso de diversas ferramentas de avaliación		

Esta programación está suxeita a cambios, en función do nivel do alumnado.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

O profesorado do departamento reflexionará sobre os seguintes puntos:

1. Planificación
2. Motivación do alumnado
3. Desenrolo do ensino
4. Proceso de ensino e a práctica docente

Para esta reflexión e avaliación empregaranse os indicadores que constan nos seguintes rexistros:

1.

PLANIFICACIÓN			
INDICADORES		VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
P L A N I F I C A C I Ó N	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenrolo.		
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e as necesidades e ós intereses do alumnado.		
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns a súa materia.		

2.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO			
INDICADORES		VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
M O T I V A C I Ó N D O A L U M N A D O	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona os aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

3.

DESENVOLVEMENTO DO ENSINO			
	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
D E S E N V O L V E M E N T O D O E N S I N O	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas ...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fora das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenrola os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Propón actividades grupais e individuais que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		

4.

PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE			
	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE	1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fora dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e da pautas para a mellora dos seus aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non son alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

- **4. ANEXOS**

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, en relación ás competencias clave e aos instrumentos e procedementos de avaliación para os diferentes cursos de ESO.

4.1 ANEXO I (2º ESO)

Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	P./I. de avaliación	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas Exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL
	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas Observación na aula Exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación Interpretación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación Interpretación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpretación na aula Observación 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpretación na aula Observación 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades 	<ul style="list-style-type: none"> Interpretación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC

	de interpretación adecuadas ao nivel.	▪ Observación	
	▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	▪ Observación na aula	▪ CAA ▪ CCEC
▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	▪ Observación na aula ▪ Interpretación na aula	▪ CAA ▪ CCEC
	▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	▪ Observación na aula	▪ CSIEE
▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.	▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	▪ Observación na aula ▪ Interpretación na aula	▪ CCEC
	▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	▪ Observación na aula ▪ Interpretación na aula	▪ CCEC
	▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	▪ Observación na aula	▪ CSC
	▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	▪ Observación na aula	▪ CSC
	▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	▪ Observación na aula	▪ CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Comentarios de audición Probas escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Comentarios de audición Probas escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas Comentarios de audición 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballos de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CD
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpretación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC

<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Interpretación 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas Exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". 	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Traballos Exercicios Probas escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Traballos Exercicios Probas escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Traballos 	<ul style="list-style-type: none"> CD
	<ul style="list-style-type: none"> MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. 	<ul style="list-style-type: none"> MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CD
	<ul style="list-style-type: none"> MUB4.1.2. Participa na produción musical 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CD

	demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	aula	▪ CSIEE
▪ B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	▪ Observación na aula	▪ CD

TC: Todo o curso. / T: Temporalización. / P: Procedementos. / I: Instrumentos.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer os parámetros e os elementos básicos da linguaxe musical 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñer e aplicar os ritmos e compases estudados 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar patróns rítmicos e melódicos sinxelos 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> Diferencia os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol, duración das figuras) 	<ul style="list-style-type: none"> Primeiro trimestre
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta estruturas musicais sinxelas 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. 	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza os elementos e recursos adquiridos para crear ideas musicais sinxelas 	<ul style="list-style-type: none"> Terceiro trimestre
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> Canta pezas vocais aplicando unha técnica vocal básica 	<ul style="list-style-type: none"> Segundo Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. 	<ul style="list-style-type: none"> Practica a relaxación, a respiración e a entoación. 	<ul style="list-style-type: none"> Segundo trimestre
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> Adquire e aplica unha técnica interpretativa básica que emprega nas actividades de interpretación 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> Elabora ideas musicais básicas partindo de pautas previamente establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> Terceiro trimestre
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus 	<ul style="list-style-type: none"> Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.

compañeiros e das súas compañeiras.	expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> Practica e interpreta pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. 	<ul style="list-style-type: none"> Practica e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. 	<ul style="list-style-type: none"> T.C.
<ul style="list-style-type: none"> MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. 	<ul style="list-style-type: none"> Diferencia a forma dos distintos instrumentos e coñece os distintos tipos de voces. 	<ul style="list-style-type: none"> Segundo trimestre
